

**MOVEMENTO ESTUDANTIL E TRANSICIÓN SOCIAL NO  
TARDOFRANQUISMO EN GALICIA. A CONTRIBUCIÓN DE ERGA  
Á TOMA DE CONCIENCIA NACIONALISTA, 1972-1981**

**Student Movement and Social Transition in Late Francoism in Galicia.  
Erga's Contribution to Nationalist Consciousness Raising, 1972-1981**

**ADRIÁN MARTÍNEZ GARRIDO**  
Doctorando, Universidade de Vigo

Recibido: 01/11/22  
Aceptado: 28/11/22

**Resumo**

Dende mediados a década de 1950 asístese a un crecente malestar entre o estudantado español e o réxime. Na década seguinte, a universidade galega ve medrar unha discordancia traducida na progresiva politización e afastamento do franquismo. A atmosfera creada nestes espazos desembocou nun proceso de cambio social e de ruptura cultural e xeracional. A asimilación de novos valores e inquedanzas por unha maioría chegaría a traducirse nun movemento de masas. Convertido nun verdadeiro axente político, a súa influencia no conxunto da sociedade, habituándoa a novas ideas e sistemas de pensamento, resultaría fundamental para o posterior proceso de transición política.

A incapacidade de asimilación por parte do réxime produciu unha frustración xeracional ao ver truncadas as ansias de liberdade, traducíndose nunha postura de frontal oposición. A xuventude rachou co réxime facendo imposi-

**Abstract**

Since the mid-1950s, there has been growing unrest between Spanish students and the regime. In the following decade, the Galician university saw a growing discordance translated into progressive politicization and distancing from Francoism. The atmosphere created in these spaces resulted in a process of social change and cultural and generational rupture. The assimilation of new values and concerns by a majority would translate into a mass movement. Having become a true political agent, his influence on society as a whole, accustoming it to new ideas and systems of thought, would be fundamental for the subsequent process of political transition.

The inability of assimilation on the part of the regime produced a generational frustration at seeing the longing for freedom truncated, translating into a stance of frontal opposition. The youth broke with the regime making their further continuity impossible. Clandestine po-

ble a súa ulterior continuidade. Na transmisión deses valores no ámbito estudantil tiveron especial relevancia as organizacións políticas e as obras literarias clandestinas, as influencias internacionais e os mass media. O grao e a amplitude de aceptación dos novos valores marcaría as diferentes escalas de adhesión. A nova identidade tería un elemento principal en común, o rexeitamento da orde establecida.

A partir de 1970, a intensa politicización radicalizou e atomizou o movemento.

En Galicia, a nova cultura adquire uns caracteres particulares debido, en grande medida, a ERGA. Nada en 1972, esta organización logrará a hexemonía do movemento estudantil a partir de 1975, introducindo un novo esquema debedor das loitas pola liberación nacional que estaban a acontecer no panorama internacional: Galicia como nación asoballada polo Estado Imperialista Español.

Coñecer a contribución desta organización na asunción e proxección dunha cultura política, con novos valores ideolóxicos e culturais, sobre o conxunto da sociedade, nunha etapa en que se estaba a producir a transición social imprescindible para o tránsito da ditadura á democracia, é o principal obxectivo do presente artigo.

**Palabras clave:** universidade, mobilización estudantil, transición, cultura política, conflito político, xuventude, España, Galicia, século XX, nacionalismo, ERGA

litical organizations, international influences and the mass media were particularly important in the transmission of those values. The degree and breadth of acceptance of the new values would mark the different scales of adherence. The new identity would have one main element in common, the rejection of the established order.

From 1970, intense politicization radicalized and atomized the movement.

In Galicia, the new culture acquires particular characteristics due, to a large extent, to ERGA. Born in 1972, this organization will achieve the hegemony of the student movement from 1975, introducing a new scheme indebted to the struggles for national liberation that were taking place on the international scene. Galicia as a nation subjugated by the Spanish Imperialist State.

Knowing the contribution of this organization in the assumption and projection of a political culture, with new ideological and cultural values, on society as a whole, at a stage in which the essential social transition for the transition from dictatorship to democracy was taking place, is the main objective of this article.

**Key words:** university, student mobilization, transition, political culture, political conflict, youth, Spain, Galicia, 20th century, nationalism, ERGA

*(...) la mayor parte de los chicos son hoy medio rojos, que yo no sé lo que les pasa, tienen la cabeza loca, llena de ideas estrambóticas sobre la libertad y el diálogo y esas cosas de que hablan ellos.*

Cinco horas con Mario. MIGUEL DELIBES (1966)

## Introdución

Os estudos en torno á caracterización dos movementos estudantís coinciden en atribuírlle unha serie de características sistémicas: carácter cíclico, descontinuidade, dificultades para a articulación interxeracional ou a temporalidade da experiencia académica<sup>1</sup>.

Estas eivas, comúns aos movementos estudantís internacionais, adoitaron ser atalladas mediante o aumento da militancia nos partidos políticos e a construción dunha contracultura que fixera posible a transmisión da disensión.

No caso español, dende mediada a década dos anos cincuenta, prende unha nova cultura entre o estudantado que consumará a ruptura entre a xuventude universitaria e o réxime, erixíndose nun “corpo estraño<sup>2</sup>” para o sistema.

Neste momento nace o que se pode considerar o movemento en si, sendo máis sinxela a transmisión da mobilización. Continuarían os altibaixos pero a fractura cultural co modelo de “orde” resultou definitiva. Dera comezo un proceso, a asimilación, rápido dende os anos sesenta, aínda que producido de xeito gradual dados os diferentes contextos e a heteroxeneidade dos estudantes, con diversos grados de sensibilización<sup>3</sup>, pero unha evolución, ao fin e ao cabo, sen volta atrás.

A actividade política e a circulación de novos valores foron normalizados dentro dos muros universitarios. Unha nova cultura alternativa, notablemente complexa<sup>4</sup>, e un foro de debate e aprendizaxe política e de valores cívicos que sería proxectado sobre o conxunto da sociedade.

Dende os anos sesenta multiplicáronse as revoltas xuvenís no panorama internacional, o caso español non foi alleo a estas influencias, tomando novas formas de representación, ideas e pensamentos. Pese aos intentos do réxime por manter illado culturalmente ao país, o desenvolvemento económico foi parello ao aumento do turismo, de acollida pero tamén de saída, a televisión comezaba a retransmitir en directo o acontecer dun mundo en tensión, dun mundo que estaba vivo.

---

1 González Calleja, E. (2017): 224

2 Tusell Gómez, J. (2005): 171

3 Carrillo Linares, A. (2006): 149

4 Maravall Herrero, J.M. (1978): 42

O movemento estudantil contribuíu ao desgaste do réxime franquista a través da alteración da orde pública e rachou coa cultura defendida polo franquismo. As universidades, incluso os centros de ensino medio, constituíron un escenario predilecto para a actividade política dos partidos e das organizacións clandestinas. A ditadura viu fracasar os seus proxectos de politización e illamento nacional ao crear unha contradición entre as novas estruturas sociais e económicas e a situación política<sup>5</sup>. A ruptura xeracional representou tamén unha ruptura cultural, traducíndose na perda da xuventude e condenando así as súas posibilidades de continuidade.

A intensa politización, provocada en gran medida pola represión exercida dende o réxime<sup>6</sup>, principalmente a partir dos conflitos de 1956-57, e a normalización de valores transgresores no seo estudantil, desenvolveu unha cultura política participativa expresada na toma de decisións a través, principalmente, das asembleas, foros de participación nos que cabían todos os estudantes, homes e mulleres (casadas ou non), aspecto, este último, non tan obvio á luz do contexto<sup>7</sup>.

A ditadura non puido frear a politización absoluta. O recurso á represión non fixo máis que excitar ao movemento e quentar un clima cultural que era alleo ao réxime. A acción estudantil provocou directamente os estados de excepción de 1956 e 1969, friccións e crises no seo das elites, como amosan os enfrontamentos entre ministros e universidades, os relevos de reitores, os apoios de profesores e decanos ou as apostas por terceiras vías<sup>8</sup>, e lograron retrasar, modificar e incluso cancelar proxectos de leis educativas.

Ao igual que aconteceu con outros movementos sociais, a partir de 1962 a acción estudantil coadxuvou a rachar os estreitos cenáculos da oposición política<sup>9</sup>.

Tralos acontecementos de 1968 a dura represión comeza unha nova xeira no movemento estudantil. Si ate o momento a acción estudantil tiña como núcleo principal os sindicatos democráticos, nos que o PCE era parte fundamental, a par-

5 Casanova Ruiz, J. e Gil Andrés, C. (2012): 199

6 Neste sentido, aínda que referido principalmente ao movemento obreiro, resulta interesante para observar a politización dos conflitos, o artigo de Gloria Bayona Fernández "Protagonismo del movimiento obrero en la crisis de la dictadura franquista", recollido nas actas do congreso *La transición de la dictadura franquista a la democracia*. Barcelona, 20, 21 i 22 d'octubre de 2005, organizado por el Centre d'estudis sobre les èpoques franquista i democràtica - Centre de Cultura Contemporània de Barcelona.

7 De acordo coa Ley 26/1967, de 28 de junio, de Representación Familiar en Cortes, resultaba requisito, tanto para a elección como para a candidatura, ser cabeza de familia ou muller casada.

8 Na obra Galicia en Transición (2019): 235-236, Ricardo Gurriarán, recolle as declaracións de Manuel Fraga nas que apunta os problemas que acuciaban a España mediada a década dos sesenta: novas xeracións, nova orientación da Igrexa, crecente presión laboral, sucesión non resolta, ausencia de normas constitucionais...

9 Tusell Gómez, J. (2005): 168.

tir deste momento posturas máis radicais<sup>10</sup>, que consideran moderada e reformista a postura desta organización, comezan a ter unha forte influencia. A política do Partido Comunista de España, plasmada na estratexia no seo da universidade, estaba baseada dende os anos cincuenta na consigna de Frente Nacional Antifranquista e na política de reconciliación nacional, clamando pola unidade das forzas para producir o cambio de réxime. Tal e como sinala Santidrián, o PCE consideraba que “o carácter da revolución que se planeaba en España como consecuencia da caída do franquismo non era socialista senón democrático. Calquera outra posición constituía un esquerdismo infantil”<sup>11</sup>.

Esta dinámica, pola que a prohibición excita unha mobilización que non deixa de medrar tras exercerse sobre ela a represión, é unha constante nas protestas e mobilizacións estudantís. Episodios como A Noite de San Daniel ou do Matadero de 1865 en Madrid, ou a Santa Isabel en 1884 responderon a este esquema. As prohibicións de expresión de ideas contrarias á monarquía e ao concordato, ou a manifestacións contra a liberdade de cátedra, produciron unha axitación nun contexto de avance da secularización entre boa parte do estudantado<sup>12</sup>.

A partir de 1970 e en paralelo a gran axitación laboral e a intensa actividade terrorista por parte de ETA, quen intentou atentar contra Franco en Bastiagueiro, nas proximidades da Coruña nese mesmo verán<sup>13</sup>, o movemento estudantil adquire unha nova dimensión máis radical. O seu carácter transformador, antiautoritario e contrario ás reformas, opúxose ao réxime franquista pero tamén oporíase ao modelo resultante da Transición. Foi de gran importancia na difusión de valores críticos e, en certa medida, progresistas. A pesar de que boa parte das organizacións protagonistas anhelaban réximes alleos ás democracias de corte liberal e que no político non introducían unha alternativa moderna, as súas reflexións, conceptualizacións e accións foron esenciais na normalización dun novo paradigma social, de novos valores propios da modernidade que contribuíron a vehicular a democracia no conxunto da sociedade.

Neste contexto, no que multiplícase a presenza de organizacións *gauchistas*, fai aparición un novo nacionalismo galego organizado politicamente que, como o conxunto de partidos políticos, tiveron a universidade como escenario predilecto para as súas actividades.

---

10 Para conocer el amplio catálogo de grupos surgidos a la izquierda o al margen del PCE desde 1964 vid. Pérez Serrano, J. (2014).

11 Santidrián Arias, V.M. (2002):423.

12 González Calleja, E. (2005): 26.

13 Vid. Fernández Santander, C. (1985).

A creación de ERGA será fundamental para a expansión do nacionalismo galego, baseado nun novo discurso antiimperialista respecto a España, na normalización do galego, e na autodeterminación e na toma de poder polas clases populares.

A altura de 1981, ERGA viu cumpridos parte dos seus obxectivos, como foron o avance na normalización do galego na institución e no resto de organizacións políticas e estudantís, a introdución de contidos e materias adaptadas a realidade galega ou ao proceso democratizador nos centros de ensino. Pola contra, a súa aposta pola ruptura, polo dereito de autodeterminación e a independencia de Galicia baixo a forma dunha democracia popular víronse quebradas polo triunfo da Transición, á que se opuxo de xeito radical.

Estudiantes Revolucionarios Galegos (ERGA) non foi froito dun movemento asembleario nin espontáneo no seo da universidade compostelá, naceu da firme decisión dun autoproclamado *partido comunista patriótico*, a UPG, cun propósito definido, dar orixe a un movemento de masas baixo os prismas da liberación nacional galega e da confrontación imperialista.

ERGA actuou como porta de entrada do nacionalismo nos anos da Transición, convertida nunha organización de masas, chegou a espallarse e a obter unha forte presenza social no conxunto de Galicia. A súa conformación, evolución e discurso ofrécenos unha visión da irrupción dun novo nacionalismo e dunha nova esquerda, dotada de novos referentes, da confrontación e da dialéctica cos partidos de ámbito estatal, e dunha Galicia ollada dende unha perspectiva renovada.

Foi a escola dos que serían os líderes nacionalistas dende a Transición ate a actualidade, pero tamén de moitos mozos e mozas, simpatizantes ou non dos seus postulados, que, de xeito consciente e tamén subliminar, volveron aos seus lugares de orixe cunha posición renovada respecto á identidade galega, contribuíndo a espallar a linguaxe e as ideas políticas baixo o prisma nacionalista.

As fontes primarias da época, especialmente a prensa e propaganda clandestina, os xornais e os noticiarios, xunto coa bibliografía científica especializada, son os instrumentos empregados para tratar de demostrar a influencia social, cultural e política do movemento estudantil galego no conxunto da sociedade.

## 1. O movemento estudantil en Galicia ate 1968

A Lei do 29 de xullo de 1943 sobre ordenación da Universidade española estableceu a obrigación de sindicación no Sindicato Español Universitario (SEU) para todos os escolares universitarios<sup>14</sup>.

---

14 Ley de 29 de julio de 1943 sobre ordenación de la Universidad española.

Esta situación prolongaríase ate os primeiros anos da década de 1960, momento en que o modelo de sindicación única e obrigatoria languidece abrindo fendas que serán aproveitadas tanto dende dentro como dende fora das estruturas do sindicato oficial.

Os grupos de oposición con presenza en Compostela, en especial o PCE (Partido Comunista de España), quen dispuña dun notable prestixio en Galicia<sup>15</sup> e a JEC (Juventud de Estudiantes Católicos), xunto con alumnos próximos ao nacionalismo histórico de Ramón Piñeiro, centraron os seus esforzos, dende mediada a década de 1950, en infiltrar cadros dentro do sindicato oficial, así como na organización de actividades culturais baixo o amparo das delegacións de cultura do Sindicato. A influencia dos comunistas será notoria nas organizacións marxistas e cristiás das que xerminarán novos líderes que substituirán aos dirixentes do SEU tralas primeiras protestas estudantís<sup>16</sup>. A creación de asociacións, clubs ou ateneos foi outra das estratexias máis recorrentes coas que manter vivas as súas respectivas mensaxes. Unha estratexia de ocupación e infiltración de cargos, que nun contexto de aumento de estudantes non vinculados á Falanxe, fará primar as funcións asistenciais do sindicato sobre os aspectos políticos nacional-sindicalistas<sup>17</sup>. Esta táctica de penetración resultou pioneira, sendo emulada no mundo do traballo polas Comisiones Obreiras a partir do ano 1962. Este aspecto puido ter unhas consecuencias máis profundas do que cabería pensar ao brindarlle aos infiltrados a participación nas esferas de decisión, a apertura ao tránsito dende unha cultura política delegativa cara unha cultura política participativa<sup>18</sup>.

A altura de 1960 a universidade galega non conta co nivel de politización estudantil co que si o fan Madrid ou Barcelona, núcleos nos que dende o curso 1956-57 pódese falar dun punto de non retorno na politización estudantil e do inicio dunha estratexia baseada na loita de masas<sup>19</sup>. As mobilizacións producidas neste curso introduciron un tipo de acción novidosa en canto a súa orixe e protagonistas, sentando as bases das posteriores mobilizacións estudantís<sup>20</sup>.

Pero ao igual que ocorreu nos anos vinte, a universidade compostelá experimentará unha acelerada toma de conciencia entre os seus estudantes, adoptando unha cultura transgresora e tamén política, na medida en que portaba novos valores que non tiñan cabida na ditadura, alimentada pola rebeldía innata dunha xuventude que, salvo excepcións militantes, aínda non adquirira unha concreción

---

15 De Juana López, J. e Prada Rodríguez, J. (2005): 353.

16 *Ibíd.*

17 Valdevira González, G. (2006): 20.

18 Carrillo Linares, A. (2006): 156.

19 Carrillo Linares, A. e Cardina, M. (2012): 642.

20 Valdevira González, G. (2006): 9.

ideolóxica máis aló da non pouco relevante oposición ao actual estado actual das cousas<sup>21</sup>.

Efectivamente, tal e como reflexou Isaura Varela para o período da ditadura de Primo de Rivera, en apenas un lustro, os estudantes composteláns adquiriron un forte nivel de mobilización: “O que nos anos 20 parecía imposible, realizábase agora propiciando a incorporación da Universidade compostelá ao movemento renovador do resto das Universidades españolas<sup>22</sup>.”

Non sería o único paralelismo con este período. O desenvolvemento económico experimentado por España durante a Gran Guerra e a segunda metade dos vinte permitiu un forte aumento das matrículas universitarias, ao tempo que se producía unha contracultura xuvenil no conxunto europeo radicalmente rupturista<sup>23</sup>. No caso galego, a oposición universitaria a Primo de Rivera alumeará un perfil estudantil laico, anticastrense e comprometido cultural e politicamente, rexeitando os patróns tradicionais que caracterizaban a Fonseca<sup>24</sup>.

Entre 1960 e 1967 a Universidade de Santiago, tras varias décadas estancada en torno aos tres mil estudantes, viu dobrar o número de matrículas, explicado polo crecemento económico, das rendas individuais, do consumo ou das clases medias propio do período coñecido como desenvolvemento.

Xa en 1962, o Ministerio de Educación baixo a dirección de Lora Tamayo, tratou de facer fronte ao constante aumento de estudantes mediante o investimento e a construción de novos institutos, universidades laborais e centros privados superiores, pero as inversións nas universidades públicas foron insuficientes<sup>25</sup> provocando situacións de masificación e falta de medios no conxunto do Estado. Non obstante, estes cambios socioeconómicos traducíronse, no eido educativo, nunha expansión da ensinanza pública e no aumento de funcionarios docentes, aspectos que traduciranse nun avance na secularización ao perder a Igrexa “o monopolio da educación e o control moral da cultura<sup>26</sup>”.

Neste sentido, compre sinalar que os novos alumnos que se incorporan a universidade ao longo da década dos sesenta pertencen a unha xeración que non vivira a Guerra Civil e que, a pesar de pertencer a familias socioloxicamente inseridas

---

21 Na obra Galicia en Transición (2019): 247, Ricardo Gurriarán recolle o testemuño de José María Fuentes, activista estudantil mediados os anos 60, que resulta esclarecedor para a descrición do sentir dunha parte considerable dos estudantes.

22 Varela González, I. (1989): 238. Referíndose á constitución no ano 1929 da F.U.E. en Santiago, que aglomeraría a un estudiantado que viña protagonizando dende meses atrás numerosas protestas e enfrontamentos coas autoridades.

23 González Calleja, E. (2005): 32.

24 Cuquejo Enríquez, M. e Alonso Girgado, L. (2005): 10.

25 Valdevira González, G. (2006): 17.

26 Casanova Ruiz, J. e Gil Andrés, C. (2012): 197.



no réxime, non son seducidos polo franquismo<sup>27</sup>, rematando por consumir unha ruptura xeracional de índole cultural.

Resulta evidente que non todos os universitarios tomaron conciencia ou sentiron ao unísono os instintos da liberdade, podendo falar da existencia dunha minoría moi politizada, pero algo estaba a mudar.

Os estudantes composteláns dan mostras da súa contrariedade ante sucesos de cariz social ou político. En 1963 participaron na protesta en forma de manifestación contra a represión policial exercida contra unha mobilización veciñal nas aforas de Santiago. Neste mesmo ano, no contexto das Festas Minervais, discípulos do galeguista Ramón Piñeiro, como Carlos Casares e Salvador García-Bodaño, xunto co mesmo Otero Pedraio, protagonizaron unha denuncia pública contra o I Plan de Desenvolvemento que fragmentaba Galicia ao incluír ás provincias de Lugo e Ourense no polo industrial de Valladolid.

Comezábase a adoptar un enfoque político e unha actitude anti-réxime e disidente que non deixará de medrar ate finais da década de 1970. Perfilábase a temida ruptura entre unha xuventude universitaria, cunha cultura transgresora, antiautoritaria e tamén política, e a ditadura.

Os intentos do PCE por mobilizar ao estudantado, con mostras como a difusión clandestina de *Mundo Obrero* dende 1964, a activa participación de contados militantes que espallan paseniño os ideais do partido, levando a cabo accións como o lanzamento de panfletos, ou a organización de charlas, pon en contacto aos universitarios coa actividade política.

A labor dos comunistas sumarase a repercusión que sobre unha boa parte do clero terá a carta encíclica de Xoán XXIII *Mater et Magistra* de 1961, na que aborda o desenvolvemento da cuestión social á luz da doutrina social da Igrexa e do Concilio Vaticano II. A pesar de que as organizacións de apostolado obreiro xa tiveran un papel importante nas folgas de 1951 e 1956<sup>28</sup>, será a partir destes acontecementos cando comeza a frutificar un diálogo entre católicos e marxistas que, como apunta R. Gurriarán<sup>29</sup>, terá unha repercusión directa sobre o movemento universitario compostelán, xunto coas publicacións *Cuadernos para el diálogo* e *Triunfo*, que desempeñarán un relevante papel na difusión do ideario democrático<sup>30</sup>.

Nestas mesas datas, ao tempo que se producían fortes mobilizacións como as de Bazán en 1964 ou contra da concentración parcelaria e a construción do encoro de Castrelo de Miño (unha das primeiras oportunidades para a presentación en so-

---

27 Valdevira González, G. (2006): 11.

28 Para aproximarse ao tránsito dunha “pastoral de autoridade” cara unha “pastoral de compromiso” vid. Tusell Gómez J. (2005).

29 Gurriarán Rodríguez, R. (2019): 228.

30 Tusell Gómez, J. (2005): 177.

cidade da oposición máis activa<sup>31</sup>), a universidade compostelá experimenta unha multiplicación de actividades culturais. Cineclubs, recitais poéticos e musicais, obras teatrais, seminarios, homenaxes, revistas orais, charlas ou conferencias que, organizadas principalmente por estudantes ou asociacións culturais, despregan unha sociabilidade disidente e transgresora, ao comprobar a existencia doutros modelos sociais, a manifestación de “rebeldía dunha xeración frustrada<sup>32</sup>”.

Chegados a 1965, a axitación comeza a acadar un carácter endémico, sendo os principais elementos de mobilización a loita contra o SEU, que desaparecerá este mesmo ano sendo relevado polas APE (Asociacións Profesionais de Estudantes) e estas á súa vez un ano máis tarde polas AE (Asociacións de Estudantes), e as autoridades e certas prácticas académicas e docentes, a reclamación da autonomía universitaria respecto ao goberno e a necesidade de novas formas de organización estudantil libres, autónomas e representativas.

A partir destas datas os movementos estudantís no conxunto de España comezan unha tendencia ao alza e converxente, a oposición política ao réxime pasa a ocupar un lugar privilexiado nas universidades.

A paisaxe contestataria fixo saltar as primeiras alarmas entre as Brigadas Rexionais de Investigación Social<sup>33</sup>.

Mentres, en Compostela, fórmase nese mesmo ano un movemento asembleario organizado na ALEU (Asemblea Libre de Estudantes Universitarios) potenciada polo PCE e pola maoísta FUDE (Federación Universitaria Democrática Española), pero integrada por un amplo espectro ideolóxico, no que xa se inclúen algúns militantes nacionalistas e que tería como propósito principal a loita polas liberdades e os dereitos públicos e estudantís.

Nas mesmas datas a JEC, que tenta mobilizar ao estudantado baixo o lema «ver, xulgar, actuar» e que centrara ate o momento a súa estratexia na acción dende dentro das estruturas oficiais, crea a ADE (Acción Democrática Estudiantil) defendendo a necesidade dun sindicato libre, democrático e representativo.

Ás portas de 1968, a situación na universidade galega distaba moito da existente a comezos da mesma década, producíndose a vitoria en 1967 da ADE en todas as facultades coa excepción de Farmacia, desprazando así á representación oficialista do SEU<sup>34</sup>. Foron os anos do desquite, da saída á superficie e da perda do medo<sup>35</sup>.

---

31 Fernández Santander, C. (1985): 161.

32 Vid. Máiz Vázquez, B. (1988): 137. Máiz recolle a testemuña dun estudante que reflicte en gran medida a frustración existente entre a mocidade ao ver truncado o acceso a liberdades políticas, musicais, de vestimenta, etc.

33 Carrillo Linares, A. e Cardina, M. (2012): 646.

34 Fernández Santander, C. (1985): 161.

35 Gurriarán Rodríguez, R. (2019): 234.

Ó longo destes anos a militancia en partidos clandestinos entre os estudantes santiagueses continua a ser moi feble (Víctor Santidrián cita dous casos para o curso 64-65, Luis Cochón do PCE en Filosofía e Luis González Foz da UPG en Ciencias<sup>36</sup>). É unha etapa de toma de conciencia, un período caracterizado por dous elementos fundamentais: a labor unitaria das diferentes orientacións ideolóxicas (PCE e ADE principalmente) en base ao obxectivo común da democratización, e unha escasa ideoloxización que fai que o principal vínculo de unión entre os estudantes sexa o antifranquismo, a negación do concepto de autoridade e as ansias de liberdade

Pulsións das que son testemuña o éxito do concerto de Raimon en 1967 no campus compostelán ou a formación de Voces Ceibes<sup>37</sup>. Este grupo que empregaría o idioma galego nas súas cancións, nado á calor da canción protesta, reúne no seu primeiro recital en abril de 1968, organizado pola Delegación de Actividades Culturais da Facultade de Medicina, a máis de dúas mil persoas. Na apertura do acto, mentres ondeaban bandeiras galegas, o organizador sentenciou “Nos hoxe aínda non temos voto, pero xa temos voz”, ilustrativo do resarcimento que se vivía neses intres.

A insatisfacción producida ao non ver satisfeitas as súas aspiracións, case que vitais para esta nova xeración, desembocará nunha acentuación da oposición á ditadura:

«unha etapa conclúe verdadeiramente en 1967: a Universidade alcanzou xa unha certa madurez e independencia crítica, revelándose o sistema incapaz de asimilar e integrar dita evolución aperturista e liberalizadora, que, en seguida, frustrada aquela, se transformará en clara e directa oposición de sentido democrático e socialista»<sup>38</sup>.

Entre marzo e abril de 1968 producírase unha eclosión das protestas en Compostela, abrindo unha nova xeira no movemento estudantil que, adiantándose ao maio francés, mudaría de xeito definitivo a universidade e mesmo a propia cidade.

A retención do diñeiro correspondente á Asociación Sindical de Ciencias por parte das autoridades universitarias desencadeou en folgas e asembleas que foron duramente reprimidas pola policía e sancionadas polo goberno académico e civil.

36 Santidrián Arias, V.M. (2002):552. A este respecto debemos sinalar os apuntamentos que Luis González Blasco “Foz” realiza no diario electrónico *Vieiros* o 4 de febreiro de 2008, polos que bota en falta a relación de máis militantes naqueles intres.

37 Paña coñecer sobre Voces Ceibes e a canción protesta galega vid. Fernández Conde, S. (2018).

38 Díaz García, E. (1974): 125: O mesmo autor indica na páxina 127 os resultados dunha enquisa realizada en 1955 na que se debuxaba unha forte inclinación nos menores de 23 anos cara o liberalismo e o socialismo.

Unha vez máis esta resposta governativa serviu de acicate para o espallamento das protestas ao conxunto da universidade e activou a dinámica que tan ben definiu Barreiro Fernández:

“o universitario, a partires daquela, comprendeu que se é certo que tras o compromiso lle podía esperar o expediente ou o cárcere, tamén era certo que o poder franquista saía de cada confrontación moi erosionado, porque a cada unha destas folgas respondía o Goberno con destitucións fulminantes de gobernadores, de reitores, de decanos, con traslados obrigatorios de catedráticos. É dicir, o poder saía enfebrecido<sup>39</sup>.”

Un dos acontecementos máis senlleiros desta protesta foi o encerro de centos de estudantes no Reitorado, desaxolados tres días despois entoando o cántico *Venceremos nós*, convertido a partir desa data no himno das mobilizacións estudantís contra o réxime.

Tras varias semanas de asembleas, folgas e peches, a mobilización estudantil acadou os seus obxectivos inmediatos. Pero o seu principal logro foi dobre e de maior profundidade. Por unha banda, sentou as bases dun verdadeiro movemento estudantil organizado de oposición á ditadura, do que xurdirán boa parte dos actores políticos principais do espectro esquerdista da Transición e da Autonomía ate o presente. Do mesmo xeito, a súa acción tivo especial incidencia en diferentes sectores da sociedade galega, como o Colexio de Avogados de Pontevedra, a Federación de Sociedades Gallegas en Arxentina, así como en numerosas homilías. As demandas do movemento estudantil tiveron eco en xornais, na medida en que a Lei de Prensa do 66 o permitía. Definitivamente, dera comezo o proceso de transición social.

O réxime non era alleo a esta evolución, como mostra a creación en xaneiro de 1968 da Policía de Orde Universitaria. O movemento estudantil representaba no inmediato, e ate o fin do réxime, un problema de orde pública, pero tiña unhas consecuencias máis profundas e determinantes, a perda da xuventude significaba unha ruptura vital e cultural co franquismo<sup>40</sup>.

## 2. O movemento estudantil en Galicia desde 1968

1968 marca pois un antes e un despois na historia do movemento estudantil en Galicia. A partir desta data aparece definitivamente artellado, medrando rapida-

---

39 Barreiro Fernández, X.R. (1981): 376-377.

40 Carrillo Linares, A. (2006): 155.

mente a presenza de organizacións políticas na universidade e a afiliación de estudantes aos partidos clandestinos, destacando o Partido Comunista de Galicia (así nomeado dende o mesmo ano de 1968<sup>41</sup>).

Parella ao incremento da acción estudantil foi a represión exercida polas autoridades académicas e gobernativas. A conflictividade non faría senón medrar nos vindeiros anos, alimentada pola incipiente e intermitente conexión entre os movementos estudantil e obreiro, así como pola participación dos primeiros en accións vinculadas á protesta contra a represión, a prol das liberdades democráticas, no ámbito cultural e tamén no lingüístico, neste último caso da man, principalmente, do novo nacionalismo galego de inspiración marxista.

En outubro de 1968 crease, a petición do Ministro de Educación, Villar Palasí, a Organización Contrasubversiva Nacional (OCN)<sup>42</sup> tendo como propósito a contención e represión dos movementos estudantís, principalmente a través da infiltración.

A penas tres meses despois, a morte en Madrid de Enrique Ruano, militante do FLP (Frente de Liberación Popular) cando se atopaba detido e acusado de actividades subversivas, provocou unha repulsa masiva do estudantado en forma de manifestacións, folgas e asaltos a edificios oficiais. Esta situación de máxima tensión será enfrontada polo réxime a través da declaración do Estado de Excepción<sup>43</sup>.

A suspensión dos dereitos e liberdades recollidas no Foro dos Españóis xunto cunha sistemática represión descabezou o movemento estudantil compostelán así como o efémero modelo organizativo do SDEUG (Sindicato Democrático de Estudantes Galegos).

O PCG, hexemónico na universidade compostelá a altura do curso 1969-70, marcará como principais obxectivos do movemento estudantil a loita pola amnistía, contra a represión e as sancións impostas entre o alumnado, a saída da policía do recinto universitario<sup>44</sup>, xunto coa denuncia das deficiencias pedagóxicas e materiais no seo das facultades.

1970 será un ano especialmente convulso no conxunto do Estado. No eido laboral multiplícanse as folgas, os enfrontamentos coa policía, as detencións e os

41 En 1965 o Comité Central do PCE comezou a formular a creación do Partido Comunista de Galicia, fundado finalmente en 1968, sendo o seu secretario xeral Santiago Álvarez, xunto co seu órgano de expresión, *A Voz do Pobo*. Como antecedente compre subliñar que en 1966 o PCE comezaba a publicar *Nova Galicia*.

42 De acordo con lo apuntado por ÁLVAREZ COBELAS, J. (2004): 219, esta organización tenía como objetivo el “apoyo técnico para evitar que la subversión en los medios universitarios colocara al régimen en una situación similar a la que el mayo francés situó a De Gaulle”.

43 Decreto-ley 1/1969, de 24 de enero, por el que se declara el estado de excepción en todo el territorio nacional.

44 El Correo Gallego (18/01/1970) faise eco dos slogans coreados na manifestación celebrada o 17 de xaneiro “Fuera policía de la universidad”.

encarceramentos. ETA intensifica a súa actividade terrorista e a mobilización estudiantil inaugura unha nova etapa caracterizada polo incremento da conflitividade. O proceso de Burgos, que pretendía ser unha resposta exemplar, tería consecuencias moi negativas para o réxime<sup>45</sup>, que vería incrementar a oposición e a protesta dunha parte da sociedade española e internacional.

A circulación de panfletos elaborados con vietnamitas, os seminarios clandestinos e os encontros na cafetería Gaiola<sup>46</sup> convértense nunha tónica na cidade de Compostela. A partir destas datas producíranse unha continua sucesión de manifestacións e de folgas tendo como resposta as consecuentes accións represivas e sancionadoras, intervencións policiais, apertura de expedientes, etc.

Paralelo ao auxe desta conflitividade producírase un aumento da presenza de organizacións radicais emprazadas á esquerda do PCG. Esta *sopa de siglas* é anticipatoria da que unha década máis tarde producírase no contexto político<sup>47</sup>. Presentan actividade en Compostela a maoísta Federación de Comunistas, a trotskista LCR, Larga Marcha, Bandera Roja, PCE m-l/FRAP, entre outras, así como o novo nacionalismo representado pola UPG.

Ditas organizacións, a excepción da UPG (aínda que tamén en certa medida como veremos máis adiante), tiveron a súa orixe, na súa meirande parte, no seo universitario madrileño a comezos dos sesenta. Uns anos máis tarde, en torno ao verán do 68, comezarían a ter unha certa intervención nos principais distritos do Estado onde amosarían unha retórica moito máis radical, tratando de imprimir un carácter máis fervoroso á loita estudiantil e introducindo novos motivos de protesta.

A loita por obxectivos liberais clásicos, considerado paso intermedio e imprescindible polo PCE e a súa “vía española ao socialismo”<sup>48</sup>, non sería compartida por unhas organizacións con obxectivos maximalistas.

A pesar dos intentos do réxime por manter illada a España de influencias procedentes do exterior, o certo é que o desenvolvemento económico e das clases medias foi parello, especialmente dende mediados os anos sesenta, a un incremento notable do turismo e das viaxes (de entrada pero tamén de saída) e a unha expansión cultural e dos mass media<sup>49</sup>.

O crecemento económico, as inversións públicas, o aumento do consumo e o recoñecemento internacional, provocarían un certo reforzo do Réxime e unha am-

---

45 Casanova Ruiz, J. e Gil Andrés, C. (2012): 191.

46 Morais, C. (1996): 31.

47 Santidrián Arias, V.M. (2015) recolle no nº 25 da revista Historia del Presente a descrición que realizaba o diario ABC o 25 de febreiro de 1977 respecto do panorama político español.

48 VIII Congreso del Partido Comunista de España, [s.l.], [s.e.], 1972.

49 Segundo Statisticals Yearbooks, Nova York, UNESCO, 1961, o número de televisores en España pasou dos 250.000 en 1960 aos 5.800.000 en 1970.

pliación da súa base social, producíndose, ao tempo, un incremento e unha diversificación dos sectores e dos motivos de oposición<sup>50</sup>.

O espectacular crecemento producido traducíuse, no ámbito educativo, nun importante aumento de universitarios, subliñando a especial valoración que adquiren os estudos superiores como medio para a promoción social<sup>51</sup>.

Estes factores contribuíron á creación de novas pautas de conducta e de novos valores, principalmente entre as novas xeracións que, no seo dun espazo concentrado como a universidade, permitiron un espallamento máis rápido e profundo das novas concepcións.

Da perigosidade da crecente influencia dos medios de comunicación xa advertira o Xefe do Estado tan cedo como en 1955 con motivo da mensaxe navideña:

*“Hoy, sin embargo, tengo que preveniros de un peligro: con la facilidad de los medios de comunicación, el poder de las ondas, el cine y la televisión se han dilatado las ventanas de nuestra fortaleza. El libertinaje de las ondas y de la letra impresa vuela por los espacios y los aires de fuera penetran por nuestras ventanas, viciando la pureza de nuestro ambiente (...)”<sup>52</sup>.*

Ante este *torbellino de la vida moderna*, compre subliñar uns pequenos apuntamentos do acontecer internacional e nacional de especial relevancia para comprender con máis garantías a nova dinámica que toma o movemento estudantil, inserido no emerxente transnacionalismo<sup>53</sup>, e o xurdimento dos novos grupos de extrema esquerda de oposición ao réxime:

- Os anos 60, como indica Tony Judt<sup>54</sup>, foron distintos, se ben non é o marco para estenderse si debemos apuntar que no conxunto europeo, entre 1956 e 1968, os partidos comunistas e o marxismo oficial atopábanse en franca decadencia. Nesta década xurde en Europa, Estados Unidos e en Hispanoamérica trala revolución cubana, unha nova esquerda. Ademais de procurar novos referentes, como as obras de xuventude que Marx preferiu non publicar, terá tamén novos propósitos como a loita polos dereitos civís ou os movementos terceiromundistas.
- Herbert Marcuse, un importante ideólogo desta nova esquerda, alentou o rexeitamento á toma do poder e a participación nas formacións políticas organizadas como os partidos comunistas. Na contra, avogaba pola espontaneidade organizativa, por “unha organización totalmente aberta, difusa,

50 Rico Boquete, E. (2005): 345.

51 Valdevira González, G. (2006): 16.

52 Mensaxe navideña de 1955.

53 Liwerant, J. e Saracho, F.J. (2018): 13.

54 Judt, T. (2006): 569.

concentrada en pequenos grupos e en torno a actividades locais, pequenos grupos moi flexibles e autónomos”<sup>55</sup>. Entre os seus seguidores podemos subliñar ao líder franco-alemán do movemento estudantil Cohn-Bendit, quen co título da súa obra principal reflicte o cambio ideolóxico producido: *O esquerdismo, remedio á enfermidade senil do comunismo*.

- O maio francés simbolizou a ruptura entre a oposición histórica do Partido Comunista francés e o movemento estudantil, ao que vían como fillos de papá que estaban a protagonizar unha festa e non unha revolución.
- Os procesos de liberación nacional e a reflexión que suscitou nos movementos revolucionarios a liña a seguir fronte ó imperialismo, como as loitas anti-imperialistas de solidariedade internacional.
- A guerra de Vietnam, desaprobada por todo o espectro político europeo, xerou unha forte mobilización primeiro, e logo, coa derrota estadounidense, en moitos sectores, un elemento de gran estimulación.
- A revolución cultural china.
- A ruptura sino-soviética en torno a coexistencia pacífica propiciou en occidente a adopción ou aceptación dos postulados maoístas.
- As revoltas de Berkeley ou Columbia e a introdución dos movementos contraculturais.
- A consideración de España como Estado imperialista e dos territorios galego, vasco e catalán como as súas colonias. Baixo esta perspectiva nacerían organizacións nacionalistas no ámbito estudantil como foron ERGA en Galicia, EIA e EIBA no País Vasco e FNEC ou BEN en Cataluña.

Unha breve ollada ao NODO<sup>56</sup> de 1968 reflicte a cobertura prestada a asuntos internacionais de cariz social e político que dun xeito ou outro pon en contacto aos españois coa realidade máis alá das fronteiras nacionais, táboa 1.

Non menos importantes para un proceso de transformación social e cultural foron as reportaxes de certames internacionais, feiras e salóns de bens de consumo, viaxes, novidades musicais. como a xira de B.B. King por Europa. O procedente de fora xerou unha desconfianza inducida pero tamén unha fascinación progresiva.

No mesmo sentido, a cobertura dos diferentes procesos electorais, para o ano 68 como vimos de ver en Francia e Estados Unidos, é relevante para o avance dunha cultura democrática<sup>57</sup>.

---

55 Marcuse, H. (2010): 32.

56 NODO adquiriría nestes anos as imaxes internacionais a través principalmente da compra a CBS, United Press e Visnews.

57 Gunther, R. e Montero, J.R. (1999): 12.



Táboa 1		
Data de emisión	Número de noticiario	Titular da reportaxe
12/02/1968	1310 A	Intercambio de prisioneiros Egipto – Israel
26/02/1968	1312 A	Disturbios estudiantiles en Lovaina
11/03/1968	1314 A	Manifestaciones anticomunistas en Berlín – Solidariedade alemana con los EEUU en Vietnam
15/04/1968	1319 B	Después del asesinato de Martin Luther King – Una vida dedicada a la redención de los negros
25/05/1968	1324 A	Graves disturbios estudiantiles en París – Estudiantes y fuerza pública frente a frente en el Barrio Latino
27/05/1968	1325 A	Conferencia de Paz sobre Vietnam – París, escenario de las negociaciones
27/05/1968	1325 B	París, después de los disturbios estudiantiles – Incendios y manifestaciones en el barrio universitario
10/06/1968	1327 A	Los desórdenes en Francia – Impresionante reportaje de los sucesos
17/06/1968	1328 B	Adhesión en París al General De Gaulle – Impresionante manifestación en el centro de la capital
24/06/1968	1329 B	Francia camino de la normalidad – Manifestaciones en pro y en contra de las medidas gubernamentales
08/07/1968	1331 A	Elecciones en Francia – Triunfo aplastante del General De Gaulle
02/09/1968	1339 A	Después de la invasión de Checoslovaquia – Retrospectiva del ascenso al poder de Dubcek y Svoboda
02/09/1968	1339 B	Fugitivos checos en la frontera de la Alemania Occidental – Los primeros relatos de la invasión rusa
18/11/1968	1350 A	Las elecciones a presidente de los EEUU desde Madrid – Retrospectiva de la estancia de Nixon en Barcelona
18/11/1968	1350 B	Elecciones en los EEUU – Ambiente en la calle y en los colegios electorales – Evocación de Nixon en España

Fonte: NO-DO. Elaboración propia.

Como indica Máiz, “o aperturismo tecnocrático do franquismo a fins do sesenta fixera factible á poboación coñecer outras formas de vida e consumo<sup>58</sup>.”

Os caracteres sociais, económicos e culturais estaban experimentando un proceso relativamente rápido de cambio, sendo variables que intervirían na evolución das institucións e forzas políticas<sup>59</sup>.

58 Máiz Vázquez. B. (1988): 140.

59 Prada, J. (dir.) (2019): 13. Prada recolle o exposto por Rodero San Román na presentación do dossier sobre a transición do número 15 da revista *Ayer* (1994). Resulta imprescindible definir las relaciones entre las variables económicas, sociales y culturales y las instituciones y fuerzas políticas.

A Lei Orgánica do Estado de 1967 e a introdución da democracia orgánica, xunto coa aprobación da Lei de Prensa un ano antes e a designación de sucesor a título de rei de Juan Carlos de Borbón, foron expresións dun proceso de cambio político e de apertura dentro do Réxime. Estas decisións, froito en gran medida da dinámica de bloques e da necesidade de ser aceptable aos ollos das potencias democráticas<sup>60</sup>, sumábanse ao ingreso na ONU en 1955 ou á liberalización económica iniciada co Plan de Estabilización de 1959, non foron estimadas con precisión pola esquerda revolucionaria<sup>61</sup>.

O conxunto de cambios sociais e culturais, destacando neste último aspecto a “operación realismo<sup>62</sup>” patrocinada polo PCE da man de Jorgé Semprún, producidos dende mediada a década dos sesenta, explican a rapidez e a profundidade das transformacións experimentadas trala morte de Franco.

Neste contexto, especialmente nos principais distritos, as universidades experimentaron os primeiros síntomas de ruptura ideolóxica xa en 1962. A estratexia liderada polo PCE por acadar unha democratización das estruturas da universidade é criticada duramente polos novos sectores esquerdistas considerándoa reformista e burguesa, denunciando unha excesiva burocratización dos sindicatos democráticos así como o seu afastamento da base estudantil. O movemento entra nunha fase de radicalización.

Pese a heteroxeneidade entre as novas organizacións, foi común entre elas o non admitir ningún tipo de etapa intermedia, unha sociedade revolucionaria na que se mesturaban ingredientes trotskistas, anarquistas e maoístas, tendo como propósito no ámbito académico, a destrución da universidade burguesa co fin de evitar a formación de novos explotadores.

A dinámica destas cidades nada tiña que ver coa compostelá ao menos, como xa comentamos, ate 1970, na que os sindicatos democráticos ou a FUDE a penas chegaron a ter presenza. Pero o cambio na relación de forzas nestes espazos, nos que o PCE, o PSUC en Cataluña, e as organización demócrata-cristiás decaen perdendo a hexemonía si terá incidencia na universidade santiaguesa. Moitos dos protagonistas que artellarán as novas forzas políticas en Galicia atopábanse nesas datas en Madrid véndose dun xeito ou outro influenciados por esta dinámica.

O movemento unitario que caracterizou ao movemento estudantil ate 1968 resultaría cada vez máis complicado nun contexto de atomización e ideoloxización estrema. O novo vangardismo truncará a estratexia liderada polo PCE consistente en aglutinar a unha inmensa maioría de estudantes que, estendendo a folga xeral

---

60 Rico Boquete, E. (2005): 344.

61 Pérez Serrano, J. (2014): 109.

62 Tusell Gómez, J. (2005): 178.

política levada a cabo en primeira orde polos traballadores, a transformarían nunha folga nacional pacífica<sup>63</sup> que remataría por derrotar á ditadura.

Se ben a axitación entre os estudantes máis politizados era latente, o certo é que o carácter particular e concreto dos conflitos académicos, xunto coa represión do sesenta e nove latente, non conseguía aglutinar a un considerable número de alumnos. Nos primeiros meses do curso 1971-72 esta situación mudará rapidamente debido a implantación progresiva da Lei Xeral de Educación (LXE) de 1970.

A nova norma é debedora do desenvolvemento industrial producido nos anos sesenta cuxa orixe pode establecerse no Plan de Estabilización de 1959. O aumento das clases medias e o desenvolvemento urbano deron lugar a unha nova mentalidade social e cultural que chocaba co carácter autoritario do réxime<sup>64</sup>, facendo necesaria unha reforma liberalizadora do sistema educativo acorde aos cambios e as necesidades económicas da moderna estrutura produtiva.

Non obstante, os avances relativos á igualdade de oportunidades, á autonomía universitaria, aos principios de participación e representación e a concepción da educación como servizo público, provocou o descontento entre sectores do réxime, que o concibían como unha claudicación aos principios liberais, ademais da radical oposición dun movemento estudantil organizado que o concibía como transmisor da mentalidade tecnocrática<sup>65</sup>.

A multiplicación de actos, reunións e asembleas convocadas co propósito de explicar en que medida lles afectaba a nova norma, creou o marco idóneo para que as organizacións estudantís, dependentes dos partidos políticos, canalizasen as incertezas e descontentos dos estudantes e artellasen un anovado movemento estudantil.

Nos seguintes meses, ademais da participación do distrito santiagués na primeira Reunión Xeral de Universidades (RXU), na que se acordou a convocatoria dunha folga xeral, asístese a concentracións, asembleas prohibidas e actos de protesta que foron contestadas mediante sancións académicas, sancións gubernativas, detencións e coa entrada da policía no recinto universitario. A espiral alimentábase e non deixaría de medrar.

A Xunta de Goberno convocou sucesivas sesións extraordinarias chegando a ordenar o peche das facultades de Económicas, Filosofía e Ciencias.

Esta efervescencia no seo da universidade abre novas fendas entre unha nova xeración de profesores de cariz democrático, evolución común ao conxunto español dende 1962<sup>66</sup>. No caso compostelán manifestáronse a favor dos estudantes

---

63 Valdevira González, G. (2006): 25.

64 Rico Gómez, M.L. (2020): 109.

65 Valdevira González, G. (2006): 154.

66 *Ibíd.*: 18.

Ramón López Suevos, Xosé Manuel Beiras ou José Ángel García de Cortazar, entre outros, así como xuntas de facultade como a de Económicas, cuxo decano presentará a súa dimisión a raíz da intervención policial no seo da universidade.

Neste marco, propicio para a difusión dunha cultura política revolucionaria, calquera episodio vinculado á represión tiña un efecto inmediato entre o estudiantado concienciado. Foi o caso da morte a mans da policía, nas protestas de Bazán en Ferrol, considerado un punto e a parte para a ditadura<sup>67</sup>, de dous obreiros, Amador e Daniel, e unha decena de feridos por disparos de bala o dez de marzo de 1972, provocando unha forte manifestación nas rúas de Compostela, chegando a atacar as instalacións de empresas e institucións máis vencelladas ao réxime, caso do diario *El Correo Gallego*, a *Caixa de Aforros* ou o *Aeroclube*. A universidade estivo paralizada durante todo o mes como consecuencia da convocatoria dun paro xeral.

A finais deste mesmo ano produciríase o asasinato dun estudante de medicina, José María Fuentes<sup>68</sup>, confundido, de acordo coa versión ofrecida polas autoridades, cun delincuente común. Como era de esperar, a reacción non se fixo de esperar, non xa no seo universitario senón entre importantes sectores da cidadanía, especialmente entre as clases medias, e en colectivos como o Colexio de Médicos.

### 3. A reactivación política do nacionalismo e o nacemento da UPG

O caso dos estudantes e empregados que en 1958 forman o grupo Brais Pinto na capital española, introduce o “condicionante extragallego” que apunta Beramendi<sup>69</sup>, feito que constituirá, pese ao carácter cultural da organización, o berce da reactivación política do nacionalismo galego dende uns postulados moi á esquerda dos representados polo galeguismo histórico de Ramón Piñeiro.

Se a morte de Castelao en 1950 rematou por esmorecer o nacionalismo no exilio, no interior a acción política opositora facíase inviable dado o nivel de represión existente, tan so soportado por unha organización como o PCE. É así como, dende 1950, coa fundación da Editorial Galaxia<sup>70</sup>, o nacionalismo histórico galego abandonou calquera tipo de acción política clandestina e organizada para centrarse no ámbito cultural. Esta postura de resistencia e de renuncia, tal e como subli-

67 Para coñecer os feitos de Bazán e a súas repercusións vid. Grandío (2019).

68 Para coñecer en detalle como se produciu a morte deste estudante vid. Fernández Santander, C. (1985).

69 Beramendi González, J. (2007): 1082.

70 Ramón Villares recolle as declaracións de Ramón Piñeiro en 1976 sobre a nova estratexia artellada dende 1950, baseada na combinación de dúas liñas de acción: o mantemento do contacto coa oposición e a batalla cultural destinada a espertar a conciencia galega nas novas xeracións. Esta última sería levada a cabo mediante *Galaxia*. Vid Villares, 1985.

ña Beramendi<sup>71</sup>, permitiu transmitir o discurso galeguista procurando galeguizar ás forzas políticas democráticas que rexurdisen no futuro. Nesta mesma liña, as ensinanzas de Otero Pedrayo, dende a cátedra de Xeografía na Facultade de Filosofía e Letras gañada no mesmo ano, foi de gran importancia á hora de sementar o galeguismo entre estudantes que logo xogarían un papel relevante no rexurdir nacionalista.

Igualmente, a “censura antolladiza<sup>72</sup>” tolerou a constitución de institucións que permitirán coñecer aspectos culturais e históricos de Galicia: Fundación Penzol (1963), Museo Carlos Maside (1970), Instituto da Lingua Galega (1971).

Ao nacemento de Brais Pinto sumarase a formación en 1963 do Consello da Mocidade, confluencia de galeguistas históricos, comunistas do PCE, marxistas nacionalistas, socialdemócratas e democristiáns.

Uns meses máis tarde, da imposible convivencia entre grupos tan heteroxéneos, prodúcese a saída ou expulsión dos seus membros máis radicais, os cales procederán a formación dunha organización marxista e revolucionaria inspirada en grande medida nos movementos de liberación nacional que estaban a acontecer no Terceiro Mundo, concibindo a Galicia como nación oprimida e colonia de España.

Dita formación foi a Unión do Povo Galego, a UPG, que, aínda que refundada o 25 de xullo de 1964 en Santiago de Compostela, ten a súa orixe uns meses antes na cidade de Madrid.

A pesar de que dende a súa fundación participa en diferentes accións sociais e culturais, destacando, entre outras, a convocatoria por vez primeira dende 1936 do Día da Patria Galega no 68 no seo do movemento estudantil, o certo é que non será ate 1971 cando a organización defina claramente a súa folla de ruta.

A partir desta data, a UPG proclamarase verdadeiro partido comunista de Galicia, ou partido comunista patriótico, tendo como cometido dirixir e organizar á sociedade galega para conquistar a revolución social e a liberación nacional. A adopción destes postulados hai que advertila á luz do contexto internacional mencionado liñas atrás: o triunfo da revolución cubana, os procesos de liberación nacional de África e Asia, o caso alxerino e o papel de Ben Bella especialmente, a guerra de Vietnam, son episodios que introducen un novo mecanismo e alentan a formación de ideoloxías e movementos de cariz anti-imperialista.

A coexistencia pacífica da URSS xera un rexeitamento no seo da UPG. Belixerantes co revisionismo soviético, artellaron unha base teórica baseada na construción de medidas e leis adaptadas á realidade galega, recoñecéndose, neste sentido, certa concordancia coa corrente albanesa de Enver Hoxha.

---

71 Beramendi González, J. (2007): 1081.

72 Máiz Vázquez, B. (1988): 140.

Os novos presupostos da UPG parten da tese segundo a cal, a orixe e a causa dos principais problemas que afronta a sociedade galega para o seu desenvolvemento económico residen na relación de dependencia colonial ao servizo do modo de produción capitalista do Estado español. Estas premisas conducirían a ruptura das relacións co comunismo e a esquerda española. Dende entón, a UPG estableceu un partido organizado de acordo ao centralismo democrático, tendo como obxectivos últimos a consecución dunha nación galega libre así como a construción dun Estado socialista.

Sabedora das experiencias de independencia de numerosas nacións na década dos sesenta, considerou que a primeira fase para acadar os seus propósitos debía basearse no frentismo, sendo precisa a construción dunha fronte ampla e plural unida na defensa da lingua, da cultura, dos intereses nacionais e da autodeterminación, co propósito último de constituír unha Galicia soberana mediante a alianza das clases populares galegas para a liberación nacional e social.

É neste contexto en que a UPG centra os seus primeiros esforzos nos anos setenta en erguer organizacións políticas, sindicais, sociais, culturais e estudantís baixo un criterio nacional. Pero que estes diferentes colectivos fosen concibidos e artellados pola UPG non implicaba que existise entre eles unha subxección estrita, posto que o frentismo precisaba duns pasos moito máis amplos capaces de integrarse no Movemento Nacional Popular Galego (MNPG).

Entre estas organizacións patrocinadas pola UPG atopamos as Comisións Labregas, a Unión dos Traballadores do Ensino de Galicia, a Fronte Cultural, o Fronte Obreiro e a ERGA, co que toca aterrar de novo sobre eses últimos días de 1972 en Compostela.

#### **4. ERGA, unha tendencia ao servizo do movemento nacional popular**

##### ***4.1. A constitución de ERGA e o contexto do Movemento Estudantil Galego***

Como advertimos na introdución, a creación de ERGA non nace de xeito espontáneo ou a través dun movemento assembleario no seo da universidade senón que nace da firme decisión dun partido de inspiración marxista-leninista pensamento Mao Tse-Tung que, como tal, considera imprescindible a organización nunha fronte dos diferentes sectores sociais representativos do conxunto da nación<sup>73</sup>.

---

73 Núñez Seixas, X.M. (2015): 82. ERGA constituíu un deses sectores sociais que, como ben reflexa Seixas no nº25 da revista *Historia del Presente*, debían conformar unha alianza na fronte interclasista liderada polo Partido Comunista patriótico.

Aínda máis, dita formación entende Galicia como unha nación colonizada por España que debe afrontar a loita pola liberación nacional e a autodeterminación. É dende esta perspectiva en que artellará unha estratexia que lembra, en boa medida, ás loitas levadas a cabo polas vangardas comunistas hispanoamericanas.

En decembro de 1972, nunha reunión no Monte da Condesa<sup>74</sup>, en Compostela, ERGA, xunto co seu boletín, LUME, comezan a súa andaina tras meses de preparativos. O fan nun contexto, como vimos de describir, de gran axitación, tanto no eido laboral como no eido estudantil. Un marco, ademais, no que a identidade galega comeza a ser percibida, dende a oposición ao franquismo, dende unha perspectiva favorable debido en parte ao factor aglutinante que provoca o nacionalismo español do réxime, constituíndo un lastre para sectores liberais e de esquerda que, partidarios nun principio dun modelo máis centralizado politicamente, asumirán parte das reivindicacións políticas e culturais do nacionalismo<sup>75</sup>.

No curso 1972-73, prohibíranse os actos culturais de signo galeguista así como as reivindicacións da cultura galega<sup>76</sup>.

Anos nos que prodúcese unha petición de máis radicalidade ao PCG, como testemuñan as repercusións da folga de Vigo coa escisión de Organización Obreira de Comisións Obreiras, criticando a súa moderación ou o achegamento da Galicia Socialista de Camilo Nogueira á UPG.

No ámbito universitario, O MEG, Movemento Estudantil Galego, atopábase nese momento sen unha clara coordinación e ao ollar dalgúns estudantes, moitos dos grupos que o compuñan, partidos e faccións de partidos na súa maioría, actuaban baixo un radical ideoloxicismo, atopando o paralelismo co ocorrido anos atrás noutras partes do Estado.

Así a todo, o rexeitamento das canles de participación oficial converte, aos ollos dos estudantes, ás asembleas ilegais nos órganos depositarios da verdadeira vontade representativa e democrática, constituíndo unha parte intrínseca da dinámica universitaria galega.

Como xa comentamos, a raíz das experiencias asemblearias da segunda metade dos anos sesenta, comezou a producirse unha forte introdución de organizacións políticas nas accións de masas no seo da universidade compostelá. A pesar da hexemonía que mantén a Organización Universitaria do PCG, ao menos ate 1974, é un momento de mudanza que abre o escenario a novas formacións e formas de organización de cariz anticapitalista e antiburgués que substitúen o obxectivo da consecución dunha sociedade democrática por un modelo revolucionario<sup>77</sup>. E

---

74 VVAA (1997): (13).

75 De Juana, J. e Prada, J. (2005): 354.

76 Morais, C. (1996): 44.

77 Valdevira González, G. (2006): 135.

como xa sinalamos, os novos estudantes, lonxe xa dos ecos da guerra, perderan progresivamente o medo á acción e comezaban a soterrar a autocensura.

O aborto por parte do réxime de permitir a existencia de sindicatos democráticos non clandestinos no seo das universidades derivou nunha oposición estudantil máis virulenta.

Multitude de organizacións e grupúsculos clandestinos, con escasos medios e sen apenas militantes, conseguiron, principalmente, a través de accións contra a represión, mobilizar puntualmente a numerosos estudantes. Non obstante, estes grupos, a diferenza do acontecido ate estas datas, non compartían tácticas nin programas entre si. Esta realidade, común ao conxunto do Estado, provocaría unha etapa de radicalización entre os estudantes que conduciría a ruptura estratéxica do movemento.

Si de por si o movemento estudantil adoita ter un carácter efémero debido a condición temporal do alumno, a participación directa e o asemblearismo que o caracteriza tende a facer flutuar o nivel de compromiso de acordo a episodios concretos, chegando a diluírse ante falta de acontecementos aglutinadores ou por mor de graves desacordos entre grupos nos espazos nos que non participan sindicatos ou formacións verdadeiramente organizadas.

Ante este panorama líquido, fragmentado e afastado da maioría estudantil, ERGA aparece como unha organización estudantil cun programa ben definido e unha organización forte<sup>78</sup>, introducindo unha dialéctica e confrontación novidosa: a loita contra o ensino colonial que impón o estado imperialista español.

Por vez primeira, concibíase ao estudantado como suxeito diferenciado, con problemas específicos que precisaba auto-organizarse e dotarse de organizacións propias, nun marco no que as formacións existentes consistían en partidos ou seccións de partidos, ademais das asociacións estudantís de existencia esporádica e circunscritas ao ámbito santiagués ou a facultades concretas.

A chegada de ERGA prodúcese nun momento en que a universidade comezaba a abrirse a novos sectores sociais, cuxa procedencia será máis heteroxénea. O aumento do número de alumnos na universidade de Santiago, constante dende 1960, e que no período comprendido entre os cursos 67-68 e 71-72 experimenta un incremento dende as 6.042 ás 11.511<sup>79</sup> matriculas, percíbese a partir de 1970 na chegada dun maior número de estudantes procedentes das vilas e do mundo rural. Estes segmentos serán fundamentais para o crecemento e para a difusión da mensaxe da nova organización nos seus primeiros anos, aspecto que pode estar reforzado pola presenza ascendente do nacionalismo no eido rural e a creación

---

78 Entrevista a Francisco Jorquera (24/08/2022).

79 Morais, C. (1996): 33.



en 1971 dos Comités de Axuda á Loita Labrega. Ademais, dende o ano 68 víñanse observando unhas primeiras contradicións dende un sector do estudantado favorable a introducir unha dinámica galega que chocaba con moitos dos esquemas das organizacións estatais.

ERGA soubo aproveitar as correntes marxistas contemporáneas que puñan o acento na confrontación metrópole – colonia dentro do concepto da loita de clases, presentándose como unha alternativa anticolonial e tendo como referencia sistemática a Galicia, nuns momentos en que se lles criticaba a outras organizacións a súa dependencia ou obediencia a un centro emprazado en Madrid. Neste aspecto, o nacionalismo español artellado dende o réxime franquista fixo máis doado, ao igual que acontecera no ámbito estritamente político, a concienciación nacional galega como novo feito de oposición.

Podemos distinguir catro eixos de actuación básicos na política de ERGA.

Un deles, estaría representado pola actividade intra-institucional, na que destacan a denuncia de estudos alleos á realidade socioeconómica galega, da masificación, dos planos de estudo desfasados, das instalacións insuficientes e inadecuadas, a falta de medios, o autoritarismo exercido por profesores, o ensino irracional e acientífico ou os métodos de avaliación.

En segundo termo, a oposición á política educativa do réxime, coa oposición á LXE de 1970 e as medidas dela derivadas, como os novos método e procesos selectivos.

A organización de actividades culturais xunto coa Asociación Cultural O Eixo, as charlas e as Aulas Abertas ou as conferencias nas que se abordaban asuntos de diferente ámbito, e coas que achegaron e concienciaron ao estudantado coa realidade e a particularidade galegas.

Un cuarto eixo, foron as reivindicacións políticas. A loita pola amnistía, a solidariedade coas loitas obreiras e o propósito último de acadar unha Galicia soberana baixo un réxime popular.

Algunhas destas reclamacións lembran aos propósitos enunciados polos sectores galeguistas da antiga FUE, como a exixencia de autonomía universitaria e os estudos vencellados á realidade galega. Estes aspectos, ao igual que sucedera a partir de 1930, serán posteriormente apoiados pola maioría de partidos políticos.

No referente ao método de traballo, a organización adáptao a situación de clandestinidade, cunha estrutura piramidal e baixo unha férrea disciplina, a importancia outorgada á formación teórica e práctica xogará un papel moi relevante. Baseándose nas teses maoístas da aprendizaxe sobre a experiencia concreta, levarán a cabo, coa colaboración dalgúns cuartos traseiros das librarías<sup>80</sup>, a lectura de

---

80 VVAA (1997): (48).

obras autóctonas como *Sempre en Galiza* (ponte, como indica Beramendi<sup>81</sup>, entre o nacionalismo histórico e o novo nacionalismo), así como *O capitalismo, fase superior do imperialismo* e *O Estado e a Revolución*, de Lenin; as *Teses Filosóficas* e os *Dez puntos do liberalismo* de Mao Tse Tung, o *Manifesto Comunista*, de Karl Marx, os *Condenados da terra*, de Frantz Fanon; ou o *Retrato do colonizado*, de Albert Memmi<sup>82</sup>.

Por outra banda, o uso do idioma galego non era empregado, non xa no ámbito académico, senón tampouco nos folletos nin nunhas asembleas moi reticentes ao seu uso, ao menos nun primeiro momento. ERGA fará da súa defensa un eixo fundamental, aspecto co que primeiro gañará a simpatía dunha parte importante da mocidade e máis tarde será fundamental para o seu uso nas asembleas, noutras organizacións políticas e, finalmente, entre os docentes.

Todos eses factores serán, en consecuencia, de gran importancia para o despegue da organización nacionalista.

Na súa formación foi fundamental a estratexia desenvolta por Manuel Mera, a quen a UPG encarga a organización do movemento estudantil galego debido a súa participación na maoísta TUPAC (Tendencia Universitaria Popular Antiimperialista Combativa), a organización estudantil de Vanguarda Comunista na Arxentina. A súa experiencia no país do Río da Prata nun momento de exaltación e multiplicación das *puebladas* dotaría a ERGA dunha visión particular do conflito e das formas de loita.

A influencia deste movemento é clara, configurándose nun primeiro momento de acordo aos modelos de “tendencia”. ERGA debía abrir unha canle para logo espallarse entre toda a mocidade, de acordo a secuencia de organizar, concienciar e mobilizar.

As teorías sobre a dependencia e a necesidade de superar as teses desenvolvistas de André Gunder Frank e Mauro Marini inspiraron, ao igual que o fixeran nos movementos de liberación nacional e nos estudantes radicais americanos e do Terceiro Mundo, aos dirixentes nacionalistas galegos e por conseguinte ás organizacións que propiciaron.

De acordo coa testemuña do propio Mera, “en Compostela non existía estrutura da UPG, para alén dalgún militante que na práctica funcionaba como simpaticante. Sería dende ERGA que se construíría a UPG na cidade<sup>83</sup>”. Esta afirmación subliña a importancia que terá o movemento estudantil na toma de conciencia e na organización do tecido político contemporáneo.

---

81 Beramendi González, J. (2007): 1079.

82 VVAA (1997): (48).

83 Mera Sánchez, M. (18 de decembro de 2012) *ERGA, pobo e nación no estudantado*. Diario Nós <https://www.nosdiario.gal/opinion/author/erga-pobo-e-nacion-no-estudiantado/20121218000619008765.html>

O obxectivo da UPG e a intención declarada de Mera eran a de artellar unha estrutura de masas a partir de ERGA, valéndose para a súa posta en marcha dos simpatizantes e militantes cos que contaba a UPG no sector estudantil. Como comentamos anteriormente, a morte dun estudante de medicina a mans da policía desencadeou unha forte mobilización que foi habilmente empregada como posta en escena por ERGA para darse a coñecer, cunha actuación máis enérxica do que os estudantes estaban acostumados, radicalidade que tería unha formidable acollida.

#### 4.2. Os primeiros pasos

Dende xaneiro de 1973, o pequeno grupo que integraba a organización comezou unha forte actividade coa creación de células, en moitas ocasións coincidentes coas da UPG, a convocatoria de reunións con novos estudantes, a distribución de tarefas, o reparto de propaganda e do seu voceiro, Lume, cuxa primeira cabeceira enunciaba “Viva a loita de liberación nacional e social de Galicia”<sup>84</sup>.

Este primeiro boletín define a España como un Estado opresor e imperialista e a unha Galicia asumida na alienación da realidade socioeconómica. Denúncianse os programas de estudo e as carreiras que non “collen a nosa realidade concreta”<sup>85</sup> impedindo que sirvan de ferramentas para o desenrolo e a transformación de Galicia.

A contradición imperialismo – nación é unha constante no esquema da organización, indicando que as eivas da universidade galega, como a falta de carreiras aplicadas, responden aos intereses dunha oligarquía que agarda de Galicia “materia prima barata, man de obra barata, cartos baratos, todo a prezo, salarios e ensinanza coloniais”<sup>86</sup>.

Enuncian a súa aposta por un movemento estudantil de base e asembleario, opoñéndose a unha “política mastigada por arriba”<sup>87</sup>, en alusión ás outras organizacións con presenza na universidade.

No ámbito académico, as queixas de numerosos alumnos da Facultade de Filosofía e Letras contra un grupo de profesores polo xeito en que impartían a docencia a comezos de 1973 é abordada baixo a mesma perspectiva. ERGA sinala as eivas dunhas materias que, alleas á realidade socioeconómica galega, non fan posible a comprensión, e posterior intervención, no entorno máis próximo. Esta situación mantense debido á “minoría interesada na explotación e na opresión do noso país”<sup>88</sup>.

---

84 Boletín *Lume* (Febreiro de 1973): 1.

85 *Ibíd.*

86 *Ibíd.*

87 *Ibíd.*: 2.

88 Boletín *Lume* (Febreiro de 1973): 6.

Do mesmo xeito, o réxime vóllese de numerosos mecanismos para garantir o estado das cousas: a selectividade (aqueles con menos recursos non poderían facer fronte ás repeticións de curso, coartando o seu acceso aos ensinos superiores e promovendo a emigración); os profesores incompetentes (que valéndose de materias de erudición manteñen aos alumnados ao marxe da realidade social); as cátedras vitalicias (interesadas en manter o status quo e fiscalizadoras dos Profesores Non Numerarios, cuxa situación é caracterizada de lamentable) ou os bedeis policías (vixiantes das conversacións e dos comportamentos)<sup>89</sup>.

Como solución, ERGA establece a necesidade de loitar contra a oligarquía imperialista e conseguir unha Universidade Popular, so factible nun Estado Popular. Para isto, declaran: (os estudantes) “témonos que xunguir cos demais sectores populares, interesados tamén na loita contra o inimigo común: obreiros, labregos, mariñeiros, para xuntos poder levar adiante a Revolución Nacional – Popular Galega, cara unha Democracia Popular (e unha Universidade Popular) que camiñe decididamente ó socialismo<sup>90</sup>”.

Este primeiro voceiro, a modo de presentación entre a comunidade universitaria, representa unha nidia declaración de intencións, así como a introdución da dialéctica imperialista no movemento estudantil.

En realidade, moitas das reclamacións son comúns a outros grupos, a novidade reside no diagnóstico e na solución que se debe seguir para atallar a problemática.

A LXE, que como xa apuntamos resultou de vital importancia para a mobilización a partir de 1971, viu suprimidas moitas das normas e programas máis innovadores baixo o ministerio de Julio Rodríguez, ademais de suspender os artigos máis aperturistas do decreto de asociacionismo e participación estudantil de Villar Palasí de 1968<sup>91</sup>, foi abordada por ERGA baixo o prisma da discriminación da universidade galega con respecto ao Estado español.

No boletín N°5, de febreiro de 1974, denuncia un número de facultades e unhas dotacións inferiores en relación ao conxunto de distritos. A porcentaxe de matriculados tamén é máis cativa, situación agravada ao non se outorgar “facilidades económicas aos estudantes galegos, cousa que acontece noutras partes<sup>92</sup>”. Denuncian tamén que o comedor universitario máis caro do Estado emprázase en Compostela, e como novo “exemplo de discriminación pódese dicir que a Sección de Matemáticas é a segunda máis numerosa de todo o Estado e conta so con dous catedráticos, mentres outras, con menos alumnos, contan con máis cátedras cubertas<sup>93</sup>”.

---

89 *Ibíd.*: 7.

90 *Ibíd.*

91 Valdevira González, G. (2006): 171.

92 *Boletín Lume* (outubro de 1974): 1.

93 *Ibíd.*

Igualmente, respecto á selectividade indican que “mentres en Madrid ou Barcelona so houbo probas nalgunhas facultades, en Santiago tivemos que facelas en todas”<sup>94</sup>. Como responsables destes feitos apuntan a “reitor, decanos e comparsa, que encárganse de manter a situación colonial, e de facer as cousas como lle gusta ao amo de Madrid”<sup>95</sup>.

Mentres, analizan, cun diagnóstico semellante a outras organizacións contemporáneas, as razóns que levan ao Estado a implantar novas formas de selectividade, como os conflitos derivados da concentración de estudantes ou o alto número de licenciados desempregados. Non obstante, engaden un elemento máis, ao afirmar que as probas responden “aos intereses imperialistas dunha oligarquía estranxeira”<sup>96</sup>. Para continuar máis adiante apuntando que “nunha explotación colonial, quen sofre as consecuencias máis directas da mesma, son as clases populares, da forma que o carácter anti-nacional das probas sexa inseparable do seu contido anti-popular”<sup>97</sup>.

Respecto ao proceso de expansión da organización, tivo gran alcance a propaganda ou *propaganda máxima*<sup>98</sup> e a axitación. Ademais de introducir elementos como os cortes de tráfico, fixeron un uso extraordinario da octavilla, presente de xeito veloz en cada conflito xurdido, e empregaron a pintada, como medio de propaganda subliminar, infestando os muros con sinxelos lemas ou simplemente coas siglas da organización. Todo co obxectivo, como sinala Mera, de “incrementar a conciencia colectiva e crear un estado de ánimo favorable ao cambio”<sup>99</sup>.

Tan so uns meses despois da súa formación ERGA decide o abandono dos Comités de Curso, asembleas que se orixinaran en torno a 1972 contra unhas tendencias que as novas organizacións concibían democratizadoras, pactistas ou reformistas representadas polas forzas de oposición tradicional, nomeadamente o PCE. Esta retirada, enmarcada na non participación con forzas que non fosen nacionalistas, debido a que consideraban subordinaba a emancipación do país e polo tanto a autoorganización do pobo galego e á conquista do socialismo, dotaríalle a ERGA de máis autonomía se cabe para o artellamento do seu discurso nacional galego.

A estas alturas a distribución de forzas na universidade compostelá repartíase entre tres grandes formacións: o PCE, o MCE e ERGA.

Dende un piso alugado por algúns militantes no Milladoiro, empregado, entre outras cousas, para agochar a vietnamita, comezou de inmediato a extensión polo

---

94 *Ibíd.*

95 *Ibíd.*

96 *Ibíd.*: 3.

97 *Ibíd.*: 4.

98 *A Nosa Terra* (24 de decembro de 1982 ao 7 de xaneiro de 1983): 3.

99 *VVAA* (1997): (9).

territorio galego a través dos integrantes de ERGA e tamén aproveitando a feble estrutura previa da UPG.

Antes de rematar o primeiro trimestre de 1973 ERGA xa contaba cuns 30 militantes.

Respecto á súa captación, resulta interesante detese na estratexia artellada. Unha das características de ERGA, como xa se comentou, foi a introdución dunha dualidade nas súas actividades, mesturando a atención prestada ós problemas concretos entre o estudantado coas reclamacións e reivindicacións propiamente políticas, máis comúns ate o momento. E neste sentido ERGA recolleu as diferentes problemáticas do eido académico, orientándoas e dotándolle de significado político, o que se traducía na formación de grupos de traballo formados por estudantes e dirixidos por membros de organización. Grupos nos que atoparían, trala observación de actitudes e sensibilidades, un caudal de novos simpatizantes e militantes. Posteriormente citaríaselles a reunións ou seminarios en casas particulares, en lugares pouco transcorridos ou incluso en aulas cedidas por profesores comprometidos co movemento.

Se ben a represión por parte do réxime continuaba a ser unha realidade, como testemuña a execución a garrote vil do anarquista Salvador Puig Antich en 1974, ou a forte represión das folgas obreiras, o certo é que non facían senón aumentar o descrédito do réxime estimulando ao tempo novas accións colectivas concibidas como heroicas e transcendentais. A revolución en Portugal neste mesmo ano non fixo senón impulsar os ánimos da oposición española.

O Decreto de Participación Estudiantil (Decreto Esteruelas)<sup>100</sup>, abre unha nova fenda entre as organizacións presentes na universidade. O motivo merece especial interese porque en certa medida establece as distintas posicións que se producirán na posterior transición política.

O novo decreto establece a necesidade de contar co estudantado na vida corporativa das universidades e a elección de representantes estudiantís con fins exclusivamente académicos. Se ben a norma non resulta satisfactorio para ningún dos grupos existentes, a súa interpretación será desigual.

A Organización Universitaria do PCG considera a medida como unha cesión, aínda que parcial, por parte do réxime, e promoverá a participación nos procesos electorais co obxectivo de aproveitar as bases legais para introducir a loita e os cambios dende dentro do aparello oficial.

---

100 Decreto 2925/1974, de 17 de outubro, por el que se regula provisionalmente la participación estudiantil a nivel universitario.

Mentres o resto de organizacións máis representativas, deixando ao marxe o cambio de postura do MCE, postularíanse en contra da participación. ERGA chamaría ao seu boicot total.

Finalmente, as eleccións celebradas o nove de decembro de 1974 non acadarían o 25% do quorum esixido e o PCG verá como perde paulatinamente a súa influencia no movemento estudantil.

Outro aspecto relevante na evolución do movemento estudantil galego o constitúe o primeiro proxecto de xestión democrática na universidade. Os catedráticos, xunto cos profesores non numerarios (PNN)<sup>101</sup> e os estudantes poderían formar un comité que elixiría ao decano da facultade de Económicas e establecerían un programa que incluía reivindicacións históricas do movemento como a liberdade de reunión, de organización de actividades culturais ou a eliminación de barreiras selectivas. A asemblea da facultade, á que asistiron unha cuarta parte dos alumnos, rexeitou, por escasa marxe, dito programa de xestión. Este feito indica a escasa interese pola xestión e a política institucional dos sectores máis politizados<sup>102</sup>.

### ***4.3. As expectativas ante o fin do réxime e a expansión territorial***

Un aspecto fundamental no espallamento polo conxunto do territorio, será a extensión no curso 1973-74 da loita estudantil fora da universidade, no ensino medio, introdución que se realizou principalmente a través das campañas de oposición á selectividade e coa constitución dun Comité nacional. As mobilizacións pola súa supresión foron un feito transcendental na expansión territorial de ERGA dada a súa inmediatez e concreción, constituíndo unha campaña a escala nacional e a apertura á chamada política de masas.

É no curso 74-75 cando ERGA, nun contexto en que, *gironazos* a parte, a desaparición da ditadura semellaba cuestión de tempo, comeza a multiplicar a súa presenza coa organización de células en practicamente todas as facultades compostelás, acompañadas dun notable incremento da actividade propagandista nos centros e nas manifestacións, popularizándose o slogan *Por un ensino galego, científico, popular e democrático*. Tamén a partir desta data prodúcese a súa expansión territorial, organizándose en todos os colexios universitarios, cidades así como en numerosas vilas como Carballo, O Carballiño, Cangas ou Melide.

Unha vez implantados nos centros de ensino medio, e chegados incluso aos cursos máis altos da EXB, onde prodúcense campañas contra as concentracións

---

101 O corpo de profesores non numerarios, suxeito a contrato laboral, foi creado en 1963 para atender o notable aumento de estudantes universitarios. Desenvolverían un importante papel no movemento de oposición ao Réxime.

102 Morais, C. (1996): 90.

escolares, as reivindicacións máis habituais centrábanse no emprego do galego nas aulas, na introdución de materias e coñecementos relativos a Galicia, un ensino laico, a co educación de sexos, a supresión de exames irracionais ou memorísticos, xunto con outras de corte político como a amnistía e o goberno provisorio galego.

Ademais, dentro do paraugas da Lei de Asociacións de 1964, e no marco das actividades culturais, multiplicáronse nos centros a organización de conferencias, seminarios baixo o esquema Historia de Galicia, Galicia é unha nación, Galicia é unha colonia, presentacións de libros de lectura e estudantís en galego ou as celebracións do Día das Letras Galegas. Actividades que, xunto coa multiplicación de pasquíns e coas moi recorrentes pintadas, procuraban a galeguización dos presentes, considerado por ERGA un paso de gran importancia para o achegamento á conciencia nacionalista e á propia organización entre o estudantado. Ditos actos permitirán a extensión territorial de ERGA, e da súa man do nacionalismo, polo conxunto do ámbito galego.

#### **4.4. Entre a reforma e a ruptura**

Os próximos cursos, 75-76 e 76-77, serán os de maior actividade política tanto dentro como fora da universidade. Co falecemento de Francisco Franco abríase unha etapa de gran actividade política á luz das expectativas ante a nova situación. Igualmente, serán para ERGA os de maior crecemento, chegando a converterse na organización de masas con maior representación e presenza no conxunto de Galicia.

Este rápido crecemento foi propiciado por unha práctica que sería común a outros movementos sociais de especial relevancia no período da Transición, como foi o caso do movemento veciñal, que ía do particular ao xeral. Deste xeito, partíase de aspectos concretos en torno a situación da universidade e do ensino en Galicia, en problemas específicos que serán estudados e afrontados conforme a unha análise global. Entre eles podemos subliñar a falta de medios, a carencia de titulacións, de novos plans de estudos, as reivindicacións de especialidades, contra o autoritarismo dalgúns profesores, contra as oposicións de mestres e polo seu exercicio profesional en Galicia, isto son, problemas sentidos polos estudantes sexa nos seus centros ou, tamén, no seu entorno máis próximo como as mobilizacións en Xove, As Encrobas e Baldaio ou contra as cotas empresariais, etc.

Estas reivindicacións presentábanse indisolubles á necesidade de rachar a relación de dependencia de Galicia co *Estado Imperialista Español*. En xullo de 1975, no boletín nº9 de Lume deixan clara a súa posición en torno a procura de solucións dentro das estruturas do Estado “quen afirme que dentro da España Una e Grande, aínda que fose “Libre” pódese conseguir un ensino galego, científico e en función do pobo, estanos a enganando e fomentando ilusións, a estas alturas



inadmisibles”<sup>103</sup>. Sendo necesario para acadar os obxectivos que propugnan “que as clases populares galegas pasen a controlar o aparello do Estado e gobernen o propio país”<sup>104</sup>.

O boletín remataba facendo un chamamento a mobilización e a conmemorar o 25 de xullo como “Día da Patria Galega, símbolo da loita contra o asoballamento colonial da nosa nación, símbolo da decisión de todo o pobo galego de sacudirse o xugo imperialista”<sup>105</sup>.

Mentres, o país preparábase para o postfranquismo e a oposición política en Galicia dividíase en dous grandes bloques. As forzas de ámbito estatal constituíron o *Pacto pola Liberdade*, liderada polo PCG e a *Converxencia Democrática de Galicia*, liderada polo PSOE, ambas vencelladas respectivamente á Junta e a Plataforma estatais que en abril de 1976 converxerán na Coordinación Democrática, a Plataforma. Por outra banda, a UPG presentou en xaneiro a Asemblea Nacional Popular Galega (AN-PG) da que ERGA sería parte constituínte co obxectivo de reunir a todo o nacionalismo emerxente por riba de rivalidades e estruturas partidarias<sup>106</sup> e o Consello de Forzas Políticas de Galicia, co fin de artellar unha alternativa estritamente nacionalista á ruptura democrática.

Son momentos de expansión social do nacionalismo, en maio de 1975 nace o Sindicato Obreiro Galego (SOG), “primeiro intento de rachar o cuasi monopólio exercido por CC.OO<sup>107</sup>”. Todo acontecemento punitivo por parte do Réxime, como o desterro de Francisco Rodríguez<sup>108</sup>, é aproveitado para a mobilización, e a presenza nas rúas é constante con manifestacións nas que ERGA logra convocar a milleiros de estudantes non só a prol da democratización da universidade senón tamén pola amnistía, contra a cota agraria da Seguridade Social, ou outras de carácter ecolóxico como a oposición á construción de encoros, ás celulosas ou a central nuclear de Xove.

No nadal de 1975 e nos primeiros meses de 1976 ERGA amosa a súa desconfianza ante os movementos que se están a producir no aparello do Estado<sup>109</sup>: “cambio aparente cara un Estado democrático”, “cambiando as formas pero deixando o fondo inalterable”, “será o mínimo cambio posible”.

Ao longo da primavera continuará amosando a súa oposición a un proceso de “branquear a fachada” e a calquera modelo de representación no seo estudantil

---

103 Boletín Lume (xullo de 1975): 1.

104 *Ibid.*: 2.

105 *Ibid.*

106 De Juana, J. e Prada, J. (2005): 355.

107 *Ibid.*

108 Tan so uns meses máis tarde correría a mesma sorte o catedrático do Instituto de Ensinanza Media de Lugo, de afiliación comunista, Alonso Montero.

109 Boletín Lume (decembro de 1975): 2.

que non estivese baseado nas realidades nacionais (e non nos distritos universitarios) “solidariedade internacionalista e as relacións en pe de igualdade entre as nacións sometidas polo Estado español”<sup>110</sup>.

A partir deste momento, o nacionalismo comeza a ter un maior peso no sector sindical e no conxunto da cidadanía o que liberará de certa carga ao papel de vangarda do movemento estudantil.

Pero o nomeamento de Adolfo Suárez como novo Presidente do Goberno no verán de 1976, xunto co proxecto de Lei de Reforma Política e a rápida reacomodación ou procura de novas identidades políticas por parte dos sectores aperturistas, mudarán o panorama político ao introducir unha alternativa as rupturas, a reforma.

Neste contexto, o enfrontamento coas organizacións de ámbito estatal, nomeadamente o PCG, son máis evidentes que nunca. Nas conclusións da asemblea preparatoria de cara ao seu primeiro congreso observan “dous bloques no campo estudantil, cada vez máis nidiamente definidas: un españolista reformista e outro nacionalista revolucionario nacional-popular (ERGA) cunha progresiva incidencia e preponderancia”<sup>111</sup>.

Entre as conclusións atopamos tamén unha análise da situación política na que observan un claro avance da concienciación, da organización e da mobilización nacional-popular fronte “a opresión colonial e as posturas neocolonialistas en boga”<sup>112</sup>.

Ao cambio de perspectivas, xuntáronse unha serie de acontecementos que dividirían ao nacionalismo liderado pola UPG: a desintegración do Consello de Forzas Políticas de Galicia mor das múltiples e repetidas fendas, e as escisións no seo da AN-PG e da propia UPG.

Ás portas de decembro do 76, momento en que coa aprobación da Lei de Reforma Democrática, a ruptura sae finalmente derrotada a pesar de ser a impulsora da “situación de cambio en que xa se estaba a vivir”<sup>113</sup>, ERGA escenifica máis fondamente a división coas forzas non nacionalistas, ás que acusa de correntemento á dereita, de traizoar os intereses das clases populares e de socialdemócratas e socialimperialistas<sup>114</sup>.

ERGA continuará baixo o clima de gran efervescencia que provocaran as expectativas de cambio de réxime cunha tendencia ascendente que plasmarase no seu congreso celebrado o 15 de xaneiro de 1978 na Facultade de Económicas de Santiago onde asistiron preto dun millar de afiliados. Neste foro, a formación definiuse

---

110 *Ibíd.* (febreiro de 1976): 2.

111 *Ibíd.* (agosto de 1976): 2.

112 *Ibíd.*: 3.

113 Fernández Santander, C. (1985): 253.

114 *Boletín Lume* (Novembro de 1976): 3.

como unha “organización de masas que loita pola solución dos problemas concretos do estudantado galego na perspectiva de acadar un ensino científico, nacional, popular e democrático no marco dunha Galicia ceibe e popular<sup>115</sup>”.

Dende o rexeitamento da Transición, concibida como a consolidación dun réxime burgués, ERGA continuará a desenvolver un papel fundamental na mobilización nacionalista, logrando convocar a uns 60.000 estudantes nas folgas convocadas polos sindicatos nacionalistas Intersindical Nacional Galega e Sindicato Labrego Galego contra os Pactos da Moncloa. Neste paro, ERGA leva as súas propias reivindicacións: unha maior inversión en Educación, estudos adaptados á realidade e a cultura galega e en galego, ou a oposición ao apoio do ensino privado. Do mesmo xeito, denuncia as repercusións que terá para a clase traballadora: conxelación salarial, regulación de plantillas ou o pago da cota da SSA a un prezo inxusto, sinalando a PSOE, PCE e PCP como asinantes dun acordo que permitirá consolidar a explotación<sup>116</sup>.

A altura de febreiro de 1978, a organización nacionalista leva a cabo diversas campañas relacionadas coa incorporación de novos valores, dereitos e liberdades que, aínda que vinculándoos aos intereses da *sociedade colonial*, son mostra dos aires de modernidade social e refresco mental<sup>117</sup>:

Reclama a coeducación de sexos, demandando a constitución de centros mixtos onde a muller e o home teñan dereito a recibir a mesma instrución, e unha axeitada educación sexual sen discriminación algunha de sexos<sup>118</sup>.

Denuncia a imposición da materia de relixión por atentar contra a libre determinación persoal, considerando que a difusión da fe relixiosa (como ideoloxía) debe quedar reservada ao ámbito das institucións eclesiásticas ás que, remarcan, o Estado deberá respetar<sup>119</sup>.

Maniféstase contra a discriminación da muller no ensino, á que se lle inculca un papel de submisión das estruturas sociais impostas. Critican así, a existencia de materias como ensinanzas do fogar, puericultura, economía doméstica, música enfocadas a cumprir o papel de boa nai de familia<sup>120</sup>.

Chegado o referendo sobre a Constitución, ERGA fai campaña na súa contra cualificándoa de reaccionaria, antiestudiantil e antigalega.

---

115 I Congreso de ERGA (1978).

116 Boletín Lume (febreiro de 1978): 3.

117 Carrillo Linares, A. (2006): 163. O autor mantén que foi nas universidades onde mellor penetraron os novos valores ideolóxicos e culturais acordados co que ocorrería posteriormente.

118 Boletín Lume (febreiro de 1978): 2.

119 *Ibíd.*: 2.

120 *Ibíd.*: 2.

Ante o desenvolvemento lexislativo do novo marco constitucional, desenvolve-rá unha serie de campañas: Contra a privatización e o deterioro do ensino público, contra os subsidios aos centros privados, contra a selectividade, a suba das taxas, o numerus clausus, a redución do número de convocatorias, mellora dos transpor-tes escolares, etc..

#### ***4.5. O novo réxime constitucional e a desmobilización estudantil***

Pero a aprobación da Constitución racha a dinámica ascendente do movemento unha vez estragadas as expectativas de ruptura, vendo languidecer os seus efectivos e provocando a desmobilización. Tendencia que se agudizará tralo golpe de Estado do 23-F que certificará a derrota dos proxectos alternativos e acelerará a quenda pacífica<sup>121</sup>.

En 1981 celébrase o II Congreso baixo o lema *Por un Movemento Estudantil nacionalista para a galeguización do ensino*. Nesta etapa trata de adaptar a estratexia ás novas circunstancias, apostando por un sindicato de tipo unitario e tratando de mobilizar ao conxunto do Movemento Estudantil Galego nas mobilizacións contemporáneas, como sería o non á entrada na OTAN, así como a oposición ao proceso autonómico e a prol da autodeterminación.

Avanzado o réxime constitucional e consolidadas as máis elementais liberdades democráticas, o movemento estudantil, á altura de 1982, perde o seu vigor. Moitas das organizacións esquerdistas foron desaparecendo ao non obter representación parlamentaria e as que perduraron entenderon a necesidade de articular accións máis unitarias que lle permitiran non caer na marxinalidade.

Isto levaría, no eido político, á constitución en 1982 do BNG (Bloque Nacionalista Galego), no que ERGA se integra como colectivo. Mentres, de xeito paralelo, no eido estudantil a configuración dos Comités Abertos de Facultade no curso 1983-84 traducirase nunha maior transversalidade de ERGA que actuará, ate a chegada de Galiza Nova en 1988, como a organización política xuvenil do nacionalismo.

Para rematar, compre sinalar que a actividade de ERGA desenvolveuse dentro dos parámetros primeiro da ilegalidade e despois da alegalidade ao non ver aceptados os seus Estatutos polo Ministerio do Interior ate 1988, momento da súa disolución.

---

121 Pérez Serrano, J. (2014): 96.

## Conclusións

Tal e como subliñaron Carr e Fusi (1979:200), “os estudantes, máis que ningún outro grupo social, contribuíron a familiarizar á sociedade española coa linguaxe e as ideas democráticas tralos anos de desertización política que seguiron ao triunfo de Franco en 1939<sup>122</sup>”.

ERGA xogou un papel fundamental na articulación social das demandas dun nacionalismo incipiente entre os galegos. Introduciu un novo sistema de pensamento e unha nova perspectiva de Galicia.

A forte presenza entre os estudantes, acadada nun breve período de tempo no conxunto do territorio, responde a unhas condicións obxectivas que foron aproveitadas correctamente:

O seu nacemento prodúcese nun momento de gran convulsión política a nivel estatal co fracaso do continuísmo inmovilista, con conflitos obreiros de gran transcendencia abertos en Ferrol, Vigo ou A Coruña; nun contexto, os cursos 72-73 e 73-74, de relance da loita estudantil en toda España.

O crecemento numérico de alumnos fixo entrar en crise ao sistema universitario. Dita expansión tamén foi cualitativa, abríndose o acceso a sectores sociais máis amplos. Os primeiros militantes de ERGA xa non serán, polo xeral, os fillos de familias pertencentes socioloxicamente ao franquismo.

Nace ademais nun contexto en que o movemento estudantil organizado está fragmentado, inoperante e afastado da maioría, introducindo unha alternativa que, como puidemos observar, vai do particular ao xeral, que saberá conectar cos problemas de índole académico e orientalos politicamente dende unha organización estable.

A continuidade de ERGA explícase pola capacidade de construír unha identidade alternativa, non só en oposición. A súa activa e sacrificada militancia, cunha mobilización permanente e participativa en movementos sociais non exclusivamente de índole académica, xunto cunha disciplinada organización e unha cultura política forte, permitíronlle adaptarse ás novas situacións sen apenas alterar o seu discurso<sup>123</sup>.

Respecto a súa achega, podémola advertir nunha tripla dimensión:

- No eido do novo nacionalismo político a conversión de ERGA nunha organización de masas permitiu á UPG e ao conxunto do movemento nacional popular galego engrosar os seus cadros e a súa base social.

122 Carr, R. e Fusi Aizpurúa, J. (1979): 200.

123 No momento da redacción deste artigo, celébrase o 50 aniversario da constitución de ERGA. A análise dos seus diagnósticos e das súas propostas e principios políticos, mantéñense aínda hoxe vixentes entre un importante sector da sociedade galega.

- No ensino básico, medio e superior, as campañas máis estritamente sectoriais contribuíron á implantación de reformas de carácter democrático, a introdución de materias e contidos adaptados á realidade galega ou ao uso do idioma galego na docencia e a súa normalización entre os estudantes.

Respecto ao conxunto da sociedade, introduciu unha nova dialéctica presentando unha Galicia oprimida polo Estado español e o capitalismo. A súa aportación foi vital para o espallamento do nacionalismo e da conciencia nacional galega.

As folgas, os paros ou as manifestacións case constantes dende comezos dos anos sesenta tiveron repercusións no ámbito académico pero non fixeron temer a continuidade do réxime por si soas. Non obstante, a súa mobilización perseverante no tempo, impedindo o mantemento da orde e da paz social, contribuíu ó longo dos anos e, principalmente no tardofranquismo e nos primeiros meses transcorridos tralo falecemento de Franco, a rachar coa aquiescencia, a necesidade de reformas, e ao convencemento de que o continuísmo non era posible, empurrando, dende abaixo e xunto con numerosas organizacións e colectivos, á transición cara un sistema de liberdades.

A normalización da política, a participación nas decisións, as asembleas, as votacións, a nova linguaxe e o novo sistema de valores introducidos, en grande medida, dende unha nova xeración universitaria, coadxuvou a unha ruptura cultural, a unha apertura da conciencia política e a un adestramento para a participación na cousa pública, sendo un factor destacado para a reconstrución do Estado nun sentido democrático.

## BIBLIOGRAFÍA

- Alonso, L. (dir.) (1999): “Panorámica das revistas literario-culturais coetáneas de Resol: galegas, españolas, portuguesas e hispanoamericanas”, Resol, Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro: 263-328.
- Álvarez Cobelas, J.M. (2004): *Envenenados de cuerpo y alma: la oposición universitaria al franquismo en Madrid (1939-1970)*, Madrid, Siglo XXI.
- Barreiro Fernández, X.R. (1981): *Historia Contemporánea de Galicia*, Santiago de Compostela, Galaxia.
- Bayona Fernández, G. (2005): “Protagonismo del movimiento obrero en la crisis de la dictadura franquista”, *Actas do congreso La transición de la dictadura franquista a la democracia*, Barcelona, Centre d’estudis sobre les èpoques franquista i democràtica - Centre de Cultura Contemporània de Barcelona.
- Beramendi González, J. (2007): *De provincia a nación: historia do galeguismo político*, Vigo, Xerais.
- Carr, R. e Fusi Aizpurúa, J. (1979): *España de la dictadura a la democracia*, Barcelona, Planeta.
- Carrillo Linares, A. e Cardina, M. (2012): “Contra el Estado Novo y el Nuevo Estado. El movimiento estudiantil ibérico antifascista”, *Hispania. Revista española de Historia*, 242: 639-668
- Carrillo Linares, A. (2006): “Movimiento estudiantil antifranquista, cultura política y transición política a la democracia”, *Pasado y Memoria. Revista de Historia Contemporánea*, 5: 149-170.
- Casanova Ruiz, J. e Gil Andrés, C. (2012): *Breve historia de España en el siglo XX*, Barcelona, Ariel.
- De Juana, J. e Prada, J. (2005) “A Transición política e a Galicia postautonómica”, en De Juana, J. e Prada, J. (coords.): *Historia Contemporánea de Galicia*, Barcelona, Ariel, 353-390.
- Díaz, E. (1974): *Pensamiento español, 1939-1973*, Madrid, Edicusa.
- Documento do I Congreso de ERGA (1978). Sanitago de Compostela. Lume.
- Entrevista a Manuel Mera, Alfredo Suárez Canal, Xúlio Rios, Xavier Toba e Xoaquín Leiceaga (24 de decembro de 1982 ao 7 de xaneiro de 1983). ERGA: fundación, presente, pasado e futuro. *A Nosa Terra*.
- Fernández Conde, S. (2018): *Agora entramos nós : Voces Ceibes e a canción protesta galega*, Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da USC.
- Fernández Santander, C. (1985): *Franquismo y Transición política en Galicia*, Sada, Edición do Castro.

- González Calleja, E. (2005): “Rebelión en las aulas: un siglo de movilizaciones estudiantiles en España (1865-1968)”, *Ayer*, 51: 21-49.
- Grandío Seoane, E. (2019): “Bazán, marzo 1972: Punto y aparte para la dictadura”. En Prada, J. (dir.): *Galicia en Transición*, Madrid, Sílex 117-148.
- Gunther, R., Montero, J.R. e Wert, J.I. (1999): *The media and politics in Spain: From dictatorship to democracy*, Barcelona, Institut de Ciències Polítiques i Socials.
- Gurriarán Rodríguez, R. (2019): “El movimiento estudiantil en la universidad gallega. De la calma a la subversión”. En Prada, J. (dir.): *Galicia en Transición*, Madrid, Sílex 225-261.
- Judt, T. (2006): *Postguerra*, Madrid, Taurus.
- Liwerant, J. e Saracho, F.J. (2018): “Los 68: movimientos estudiantiles y sociales en un emergente transnacionalismo y sus olas dentro del sistema-mundo. A manera editorial” *Revista mexicana de ciencias políticas y sociales*, 63: 13-52.
- Lume Nº 1 (febreiro, 1973). Boletín ERGA.
- Lume Nº 5 (outubro, 1974). Boletín ERGA.
- Lume Nº 9 (xullo, 1975). Boletín ERGA.
- Lume Nº 10 (decembro, 1975). Boletín ERGA.
- Lume Nº 11 (febreiro, 1976). Boletín ERGA.
- Lume Nº 12 (abril, 1976). Boletín ERGA.
- Lume Nº 14 (novembro, 1976). Boletín ERGA.
- Lume Nº 19 (febreiro, 1978). Boletín ERGA.
- Máiz Vázquez, B. (1988): *Galicia na II República e baixo o franquismo*, Vigo, Xerais.
- Maravall Herreo, J.R. (1978): *Dictadura y disentimiento político. Obreros y estudiantes bajo el franquismo*, Madrid, Alfaguara.
- Marcuse, H. (2010): *El hombre unidireccional*, Madrid, Ariel.
- Mera Sánchez, M. (18 de decembro de 2012) ERGA, pobo e nación no estudantado. Diario Nós <https://www.nosdiario.gal/opinion/author/erga-pobo-e-nacion-no-estudentado/20121218000619008765.html>
- Morais, C. (1996): *Crónica de Fonseca*, Santiago de Compostela, Laidvento.
- Núñez Seixas, X.M. (2015): “¿Colonia o champú? El nacionalismo gallego en la transición democrática”, *Historia del Presente*, 25: 63-79.
- Pérez Serrano, J. e Chaput, M.C. (Eds.) (2014): “Estrategias de la izquierda radical en el segundo franquismo y la Transición (1956-1982)”, *La Transición española. Nuevos enfoques para un viejo debate*, Madrid, Biblioteca Nueva.
- Prada, J. (dir.) (2019): *Galicia en Transición*, Madrid, Sílex.
- Rico Boquete, E. (2005): “El franquismo en Galicia”, En De Juana, J. e Prada, J. (coords.): *Historia Contemporánea de Galicia*, Barcelona, Ariel, 323-351.
- Santidrián Arias, V.M. (2002): *Historia do PCE en Galicia (1920-1968)*, Sada, Edición do Castro.



- Santidirán Arias, V.M. (2015): “PSOE, PCE, UGT Y CCOO durante la transición en Galicia (1975-1981)”, *Historia del Presente*, 25: 63-79.
- Statisticals Yearbooks, UNESCO (1961), Nova York.
- Tusell Gómez, J. (2005): *Dictadura franquista y democracia, 1939-2004*. Historia de España, XIV, Barcelona, Crítica.
- Valdevira González, G. (2006): *La oposición estudiantil al franquismo*, Madrid, Síntesis.
- Varela González, I. (1989): *La Universidad de Santiago (1900-1936): Reforma universitaria y conflicto estudiantil*, Sada: Edicións do Castro.
- Varios autores (1999) ERGA. *Un lume que predeu*. Compostela. Edicións Terra e Tempo.